

LEI 31/1995, DO 8 DE NOVEMBRO, DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Actualizada polo Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións no Orde Social (BOE 189/2000, do 8 de agosto).

Reformada pola Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1

O artigo 40.2 da Constitución Española encomenda aos poderes públicos, como un dos principios rectores da política social e económica, velar pola seguridade e hixiene no traballo.

Este mandato constitucional implica a necesidade de desenvolver unha política de protección da saúde dos traballadores mediante a prevención dos riscos derivados do seu traballo e encontra nesta Lei o seu pilar fundamental. Nela configúrase o marco xeral no que se desenvolverán as distintas accións preventivas, en coherencia coas decisións da Unión Europea que expresou a súa ambición de mellorar de forma progresiva as condicións de traballo e de acadar este obxectivo de progreso cunha harmonización paulatina desas condicións nos diferentes países europeos.

Da presenza de España na Unión Europea deriva, por conseguinte, a necesidade de harmonizar a nosa política coa nacente política comunitaria nesta materia, preocupada, cada vez en maior medida, polo estudo e tratamento da prevención dos riscos derivados do traballo. Boa proba disto foi a modificación do Tratado constitutivo da Comunidade Económica Europea pola chamada Acta Única, onde a teor do seu artigo 118 A) os Estados membros veñen, desde a súa entrada en vigor, promover a mellora do medio de traballo para conseguir o obxectivo antes dito de harmonización no progreso das condicións de seguridade e saúde dos traballadores. Este obxectivo viuse reforzado no Tratado da Unión Europea mediante o procedemento que nel se contempla para a adopción, a través de Directivas, de disposicións mínimas que se terán que aplicar de forma progresiva.

Consecuencia de todo isto foi a creación dun acervo xurídico europeo sobre protección da saúde dos traballadores no traballo. Das Directivas que o configuran a máis significativa é, sen dúbida, a 89/391/CEE, relativa á aplicación das medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde dos traballadores no traballo, que contén o marco xurídico xeral no que opera a política de prevención comunitaria.

Esta Lei traspón ao Dereito español a devandita Directiva, ao mesmo tempo que incorpora ao que será o noso corpo básico nesta materia disposicións doutras Directivas nas que a súa materia esixe ou aconsella a transposición nunha norma de rango legal, como son as Directivas 92/85/CEE, 94/33/CEE e 91/383/CEE, relativas á protección da maternidade e dos mozos e ao tratamento das relacións de traballo temporais, de duración determinada e en empresas de traballo temporal.

Deste xeito, o mandato constitucional contido no artigo 40.2 da nosa lei de leis e a comunidade xurídica establecida pola Unión Europea nesta materia configuran o soporte básico no que se asenta esta Lei. Xunto con isto, os nosos propios compromisos contraídos coa Organización Internacional do Traballo

a partir de ratificación do Convenio 155, sobre seguridade e saúde dos traballadores e medio ambiente de traballo, enriquecen o contido do texto legal ao incorporaren as súas prescricións e darlles o rango legal axeitado dentro do noso sistema xurídico.

2

Pero non é só do mandato constitucional e dos compromisos internacionais do Estado español de onde se deriva a esixencia dun novo enfoque normativo. Dimana tamén, na orde interna, dunha dobre necesidade: a de rematar, en primeiro lugar, coa falta dunha visión unitaria na política de prevención de riscos laborais propia da dispersión da normativa vixente, froito da acumulación no tempo de normas de moi diverso rango e orientación, moitas delas anteriores á propia Constitución española; e, en segundo lugar, a de actualizar regulacións xa desfasadas e regular situacións novas non contempladas con anterioridade. Necesidades estas que, se sempre revisten importancia, adquiren especial transcendencia cando se relacionan coa protección da seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, a evolución das condicións que demanda a permanente actualización da normativa e a súa adaptación ás profundas transformacións experimentadas.

3

Por todo iso, esta Lei ten por obxecto a determinación do corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un axeitado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte aos riscos derivados das condicións de traballo, e isto no marco dunha política coherente, coordinada e eficaz de prevención de riscos laborais.

A partir do recoñecemento do dereito dos traballadores no ámbito laboral á protección da súa saúde e integridade, a Lei establece as diversas obrigas que, no ámbito indicado, garantirán este dereito, así como as actuacións das Administracións públicas que poidan incidir positivamente na consecución do devandito obxectivo.

Ao inserir esta Lei no ámbito específico das relacións laborais, configúrase como unha referencia legal mínima nun dobre sentido: o primeiro, como Lei que establece un marco legal a partir do que as normas regulamentarias irán fixando e concretando os aspectos máis técnicos das medidas preventivas; e, o segundo, como soporte básico a partir do que a negociación colectiva poderá desenvolver a súa función específica. Neste aspecto, a Lei e as súas normas regulamentarias constitúen lexislación laboral, conforme ao artigo 149.1.7ª da Constitución.

Pero, ao mesmo tempo – e nisto radica unha das principais novidades da Lei –, esta norma aplicarase tamén no ámbito das Administracións públicas, razón pola que a Lei non só posúe o carácter de lexislación laboral senón que constitúe, nos seus aspectos fundamentais, norma básica do réxime estatutario dos funcionarios públicos, dictada ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18ª da Constitución. Con isto confírmase tamén a vocación de universalidade da Lei, en canto dirixida a abordar, de maneira global e coherente, o conxunto dos problemas derivados dos riscos relacionados co traballo, calquera que sexa o ámbito no que o traballo se preste.

En consecuencia, o ámbito de aplicación da Lei inclúe tanto aos traballadores vinculados por unha relación laboral en sentido estricto, como ao persoal civil con relación de carácter administrativo ou estatutario ao servizo das Administracións públicas, así como aos socios traballadores ou de traballo dos distintos tipos de cooperativas, sen máis exclusións que as correspondentes, no ámbito da función pública, a determinadas actividades de policía, seguridade, amparo alfandegueiro, peritaxe forense e protección civil, onde as particularidades impidan a aplicación da Lei, a que inspirará, non obstante, a normativa

específica que se dicte para salvaguardar a seguridade e a saúde dos traballadores nas devanditas actividades; en sentido similar, a Lei prevé a súa adaptación ás características propias dos centros e establecementos militares e dos establecementos penitenciarios.

4

A política en materia de prevención de riscos laborais, en canto conxunto de actuacións dos poderes públicos dirixidas á promoción da mellora das condicións de traballo para elevar o nivel de protección da saúde e a seguridade dos traballadores, artículase na Lei conforme aos principios de eficacia, coordinación e participación, ordenando tanto a actuación das diversas Administracións públicas con competencias en materia preventiva, como a necesaria participación na devandita actuación de empresarios e traballadores, a través das súas organizacións representativas. Neste contexto, a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo que se crea configúrase como un instrumento privilexiado de participación na formulación e desenvolvemento da política en materia preventiva.

Pero tratándose dunha Lei que persegue ante todo a prevención, a súa articulación non pode descansar de xeito exclusivo na ordenación das obrigas e responsabilidades dos actores directamente relacionados co feito laboral. O propósito de fomentar unha auténtica cultura preventiva, mediante a promoción da mellora da educación en dita materia en todos os niveis educativos, involucra á sociedade no seu conxunto e constitúe un dos obxectivos básicos e de efectos quizais máis transcendentales cara ao futuro dos perseguidos por esta Lei.

5

A protección do traballador fronte aos riscos laborais esixe unha actuación na empresa que desborda o simple cumprimento formal dun conxunto predeterminado, máis ou menos amplo, de deberes e obrigas empresariais e, máis aínda, a simple corrección a posteriori de situacións de risco xa manifestadas. A planificación da prevención desde o momento mesmo do deseño do proxecto empresarial, a avaliación inicial dos riscos inherentes ao traballo e a súa actualización periódica a medida que se alteren as circunstancias, a ordenación dun conxunto coherente e globalizador de medidas de acción preventiva axeitadas á natureza dos riscos detectados e o control da efectividade das devanditas medidas constitúen os elementos básicos do novo enfoque na prevención de riscos laborais que a Lei determina. E, xunto a isto, claro está, a información e a formación dos traballadores dirixidas a un mellor coñecemento tanto do alcance real dos riscos derivados do traballo como da forma de previlos e evitalos, de maneira adaptada ás peculiaridades de cada centro de traballo, ás características das persoas que nel desenvolven a súa prestación laboral e á actividade concreta que realizan.

Desde estes principios artículase o capítulo III da Lei, que regula o conxunto de dereitos e obrigas derivados ou correlativos do dereito básico dos traballadores á súa protección, así como, de maneira máis específica, as actuacións a desenvolver en situacións de emerxencia ou en caso de risco grave e inminente as garantías e dereitos relacionados coa vixilancia da saúde dos traballadores, con especial atención á protección da confidencialidade e o respecto á intimidade no tratamento destas actuacións, e as medidas particulares a adoptar en relación con categorías específicas de traballadores, tales como os mozos e mozas, as traballadoras embarazadas ou que deron a luz recentemente e os traballadores suxeitos a relacións laborais de carácter temporal.

Entre as obrigas empresariais que establece a Lei, ademais das que implicitamente leva consigo a garantía dos dereitos recoñecidos ao traballador, cabe salientar o deber de coordinación que se impón aos empresarios que desenvolvan as súas actividades nun mesmo centro de traballo, así como o de aqueles que contraten ou subcontraten con outros a realización nos seus propios centros de traballo de obras ou

servicios correspondentes á súa actividade de vixiar o cumprimento polos devanditos contratistas e subcontratistas da normativa de prevención.

Instrumento fundamental da acción preventiva na empresa é a obriga regulada no capítulo IV de estruturar a dita acción a través da actuación dun ou varios traballadores da empresa especificamente designados para iso, da constitución dun servicio de prevención ou do recurso a un servicio de prevención alleo á empresa. Desta maneira, a Lei combina a necesidade dunha actuación ordenada e formalizada das actividades de prevención co recoñecemento da diversidade de situacións ás que a Lei se dirixe en canto á magnitude, complexidade e intensidade dos riscos inherentes a estas, outorgando un conxunto suficiente de posibilidades, incluída a eventual participación das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais, para organizar de maneira racional e flexible o desenvolvemento da acción preventiva, garantindo en todo caso tanto a suficiencia do modelo de organización elixido como a independencia e protección dos traballadores que, organizados ou non nun servicio de prevención, teñan atribuídas as ditas funcións.

6

O capítulo V regula, de forma detallada, os dereitos de consulta e participación dos traballadores en relación coas cuestións que afectan á seguridade e saúde no traballo. Partindo do sistema de representación colectiva vixente no noso país, a Lei atribúe aos denominados Delegados de prevención – elixidos por e entre os representantes do persoal no ámbito dos respectivos órganos de representación – o exercicio das funcións especializadas en materia de prevención de riscos no traballo, outorgándolles para iso as competencias, facultades e garantías necesarias. Xunto a isto, o Comité de Seguridade e Saúde, continuando a experiencia de actuación dunha figura, arraigada e tradicional do noso ordenamento laboral, configúrase como o órgano de encontro entre os ditos representantes e o empresario para o desenvolvemento dunha participación equilibrada en materia de prevención de riscos.

Todo isto sen prexuízo das posibilidades que lle outorga a Lei á negociación colectiva para artellar de maneira diferente os instrumentos de participación dos traballadores, mesmo desde o establecemento de ámbitos de actuación distintos aos propios do centro de traballo, recollendo con isto diferentes experiencias positivas de regulación convencional onde a vixencia, plenamente compatible cos obxectivos da Lei, se salvagarda a través da disposición transitoria desta.

7

Tras regular no capítulo VI as obrigas básicas que afectan aos fabricantes, importadores e subministradores de maquinaria, equipos, produtos e utensilios de traballo, que enlazan coa normativa comunitaria de mercado interior dictada para asegurar a exclusiva comercialización daqueles produtos e equipos que ofrezan os maiores niveis de seguridade para os usuarios, a Lei aborda no capítulo VII a regulación das responsabilidades e sancións que deben garantir o seu cumprimento, incluíndo a tipificación das infraccións e mais o réxime sancionador correspondente.

Para rematar, a disposición adicional quinta vén ordenar a creación dunha fundación, baixo o protectorado do Ministerio de Traballo e Seguridade Social e con participación tanto das Administracións públicas como das organizacións representativas de empresarios e traballadores, que terá como fin primordial a promoción, especialmente nas pequenas e medianas empresas, de actividades destinadas á mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo. Para lle permitir á fundación o desenvolvemento das súas actividades, dotarase a esta por parte de Ministerio de Traballo e Seguridade Social dun patrimonio procedente do exceso de excedentes da xestión realizada polas Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais.

Con iso, refórzanse, sen dúbida, os obxectivos de responsabilidade, cooperación e participación que inspiran a Lei no seu conxunto.

8

O proxecto de Lei, cumprindo as prescricións legais sobre a materia, someteuse á consideración do Consello Económico e Social, do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Consello de Estado.

CAPÍTULO I

Obxecto, ámbito de aplicación e definicións

Artigo 1. Normativa sobre prevención de riscos laborais

A normativa sobre prevención de riscos laborais está constituída por esta Lei, as súas disposicións de desenvolvemento ou complementarias e cantas outras normas, legais ou convencionais, conteñan prescricións relativas á adopción de medidas preventivas no ámbito laboral ou susceptibles de producilas no devandito ámbito.

Artigo 2. Obxecto e carácter da norma

1. Esta Lei ten por obxecto promover a seguridade e a saúde dos traballadores mediante a aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos derivados do traballo.

Para tales efectos, esta Lei establece os principios xerais relativos á prevención dos riscos profesionais para a protección da seguridade e da saúde, a eliminación ou diminución dos riscos derivados do traballo, a información, a consulta, a participación equilibrada e a formación dos traballadores en materia preventiva nos termos sinalados nesta disposición.

Para o cumprimento dos devanditos fins, esta Lei regula as actuacións a desenvolver polas Administracións públicas, así como polos empresarios, os traballadores e as súas respectivas organizacións representativas.

2. As disposicións de carácter laboral contidas nesta Lei e nas súas normas regulamentarias terán en todo caso o carácter de Dereito necesario mínimo indispoñible, podendo ser melloradas e desenvolvidas nos convenios colectivos.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1. Esta Lei e as súas normas de desenvolvemento serán de aplicación tanto no ámbito das relacións laborais reguladas no texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, como no das relacións de carácter administrativo ou estatutario do persoal civil ao servizo das Administracións públicas, coas peculiaridades que, neste caso, se contemplan nesta Lei ou nas súas normas de desenvolvemento. Isto sen prexuízo do cumprimento das obrigas específicas que se establecen para fabricantes, importadores e subministradores, e dos dereitos e obrigas que poidan derivar para os traballadores autónomos. Do mesmo xeito, serán aplicables ás sociedades cooperativas, constituídas de acordo coa lexislación que lles sexa de aplicación, nas que existan socios a actividade dos cales consista na prestación do seu traballo persoal, coas particularidades derivadas da súa normativa específica.

Cando nesta Lei se faga referencia a traballadores e empresarios, entenderanse tamén comprendidos nestes termos, respectivamente, dunha parte, o persoal civil con relación de carácter administrativo ou estatutario e a Administración pública para a que presta servicios, nos termos expresados na disposición adicional terceira desta Lei, e, doutra, os socios das cooperativas a que se refire o parágrafo anterior e as sociedades cooperativas para as que prestan os seus servicios.

2. Esta Lei non será de aplicación naquelas actividades cunhas particularidades que o impidan no ámbito das funcións públicas de:

- Policía, seguridade e amparo alfandegueiro.
- Servicios operativos de protección civil e peritaxe forense nos casos de grave risco, catástrofe e calamidade pública.

Non obstante, esta Lei inspirará a normativa específica que se dicte para regular a protección da seguridade e saúde dos traballadores que prestan os seus servicios nas indicadas actividades.

3. Nos centros e establecementos militares será de aplicación o disposto nesta Lei, coas particularidades previstas na súa normativa específica.

Nos establecementos penitenciarios, adaptaranse a esta Lei aquelas actividades que as súas características xustifiquen unha regulación especial, o que se levará a efecto nos termos sinalados na Lei 7/1990, do 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos.

4. Esta Lei tampouco será de aplicación á relación laboral de carácter especial do servizo do fogar familiar. Malia o anterior, o titular do fogar familiar está na obriga de coidar a que o traballo dos seus empregados se realice nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

Artigo 4. Definicións

Para os efectos desta Lei e as normas que a desenvolvan:

1º. Entenderase por «prevención» o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.

2º. Entenderase como «risco laboral» a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo. Para cualificar un risco desde o punto de vista da súa gravidade, avaliaranse de forma conxunta a probabilidade de que se produza o dano e a severidade deste.

3º. Consideraranse como «danos derivados do traballo» as enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.

4º. Entenderase como «risco laboral grave e inminente» aquel que resulte probable racionalmente, que se materialice nun futuro inmediato e poida supor un dano grave para a saúde dos traballadores.

No caso de exposición a axentes susceptibles de causar danos graves á saúde dos traballadores, considerarase que existe un risco grave e inminente cando sexa probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato unha exposición aos devanditos axentes da que se poidan derivar danos graves para a saúde, aínda que estes non se manifesten de xeito inmediato.

5º. Entenderanse como procesos, actividades, operacións, equipos ou produtos «potencialmente perigosos» aqueles que, en ausencia de medidas preventivas específicas, orixinen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores que os desenvolven ou empregan.

6º. Entenderase como «equipo de traballo» calquera máquina, aparello, instrumento ou instalación empregada no traballo.

7º. Entenderase como «condición de traballo» calquera característica deste que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e a saúde do traballador.

Quedan especificamente incluídas nesta definición:

a) As características xerais dos locais, instalacións, equipos, produtos e demais utensilios existentes no centro de traballo.

b) A natureza dos axentes físicos, químicos e biolóxicos presentes no ambiente de traballo e as súas correspondentes intensidades, concentracións ou niveis de presenza.

c) Os procedementos para o emprego dos ditos axentes que inflúan na xeración dos riscos nomeados.

d) Todas aquelas outras características do traballo, incluídas as relativas á súa organización e ordenación, que inflúan na magnitude dos riscos a que estea exposto o traballador.

8º. Entenderase por «equipo de protección individual» calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde no traballo, así como calquera complemento ou accesorio destinado para tal fin.

CAPITULO II

Política en materia de prevención de riscos para protexer a seguridade e a saúde no traballo

Artigo 5. Obxectivos da política

1. A política en materia de prevención terá por obxecto a promoción da mellora das condicións de traballo dirixida a elevar o nivel de protección da seguridade e a saúde dos traballadores no traballo.

A devandita política levarase a cabo por medio das normas regulamentarias e das actuacións administrativas que correspondan e, en particular, as que se regulan neste capítulo, que se orientarán á coordinación das distintas Administracións públicas competentes en materia preventiva e a que se harmonicen con elas as actuacións que conforme a esta Lei correspondan a suxeitos públicos e privados, para tal fin:

a) A Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas e as entidades que integran a Administración local prestarán cooperación e asistencia para o eficaz exercicio das súas respectivas competencias no ámbito do previsto neste artigo.

b) A elaboración da política preventiva levarase a cabo coa participación dos empresarios e dos traballadores a través das súas organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

2. Para os fins previstos no apartado anterior as Administracións públicas promoverán a mellora da educación en materia preventiva nos diferentes niveis de ensino e de maneira especial na oferta formativa correspondente ao sistema nacional de cualificacións profesionais, así como a adecuación da formación dos recursos humanos necesarios para a prevención dos riscos laborais.

No ámbito da Administración Xeral do Estado establecerase unha colaboración permanente entre o Ministerio de Traballo e Seguridade Social e os Ministerios que correspondan, en particular os de Educación e Ciencia e de Sanidade e Consumo, co fin de establecer os niveis formativos e especializacións idóneas, así como a revisión permanente destas ensinanzas, co fin de adaptalas ás necesidades existentes en cada momento.

3. Do mesmo xeito, as Administracións públicas fomentarán aquelas actividades desenvolvidas polos suxeitos a que se refire o apartado 1 do artigo segundo, para a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo e a redución dos riscos laborais, a investigación ou fomento de novas formas de protección e a promoción de estruturas eficaces de prevención.

Para isto poderán adoptar programas específicos dirixidos a promover a mellora do ambiente de traballo e o perfeccionamento dos niveis de protección. Os programas poderanse instrumentar a través da concesión dos incentivos que regulamentariamente se determinen que se destinarán especialmente ás pequenas e medianas empresas.

Artigo 6. Normas regulamentarias

1. O Goberno, a través das correspondentes normas regulamentarias e previa consulta ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas, regulará as materias que a continuación se relacionan:

a) Requisitos mínimos que deben reunir as condicións de traballo para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores.

b) Limitacións ou prohibicións que afectarán ás operacións, aos procesos e ás exposicións laborais ou axentes que entrañen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores. Especificamente, poderase establecer o sometemento destes procesos ou operacións a trámites de control administrativo, así como, no caso de axentes perigosos, a prohibición do seu emprego.

c) Condicións ou requisitos especiais para calquera dos supostos contemplados no parágrafo anterior, tales como a esixencia dun adestramento ou formación previa ou a elaboración dun plano no que se conteñan as medidas preventivas a adoptar.

d) Procedementos de avaliación dos riscos para a saúde dos traballadores, normalización de metodoloxías e guías de actuación preventiva.

e) Modalidades de organización, funcionamento e control dos servizos de prevención, considerando as peculiaridades das empresas co fin de evitar atrancos innecesarios para a súa creación e desenvolvemento, así como capacidades e aptitudes que deban reunir os devanditos servizos e os traballadores designados para desenvolver a acción preventiva.

f) Condicións de traballo ou medidas preventivas específicas en traballos especialmente perigosos, en particular se para estes se prevén controles médicos especiais, ou cando se presenten riscos derivados

con determinadas características ou situacións especiais dos traballadores.

g) Procedemento de cualificación das enfermidades profesionais, así como requisitos e procedementos para a comunicación e información á autoridade competente dos danos derivados do traballo.

2. As normas regulamentarias indicadas no parágrafo anterior axustaranse, en todo caso, aos principios de política preventiva establecidos nesta Lei, manterán a debida coordinación coa normativa sanitaria e de seguridade industrial e serán obxecto de avaliación e, se é o caso, de revisión periódica, de acordo coa experiencia na súa aplicación e o progreso da técnica.

Artigo 7. Actuacións das Administracións públicas competentes en materia laboral

1. En cumprimento do disposto nesta Lei, as Administracións públicas competentes en materia laboral desenvolverán funcións de promoción da prevención, asesoramento técnico, vixilancia e control do cumprimento polos suxeitos comprendidos no seu ámbito de aplicación da normativa de prevención de riscos laborais, e sancionarán as infraccións á dita normativa, nos seguintes termos:

a) Promovendo a prevención e o asesoramento a desenvolver polos órganos técnicos en materia preventiva, incluídas a asistencia e cooperación técnica, a información, divulgación, formación e investigación en materia preventiva, así como o seguimento das actuacións preventivas que se realicen nas empresas para a consecución dos obxectivos previstos nesta Lei.

b) Velando polo cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais mediante as actuacións de vixilancia e control. Para estes efectos, prestarán o asesoramento e a asistencia técnica necesarios para o mellor cumprimento da devandita normativa e desenvolverán programas específicos dirixidos a acadar unha maior eficacia no control.

c) Sancionando o incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais polos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei, de conformidade co previsto no capítulo VII desta.

2. As funcións das Administracións públicas competentes en materia laboral que se sinalan no parágrafo 1 continuarán a ser desenvolvidas, no referente aos traballos en minas, canteiras e túneles que esixan a aplicación de técnica mineira, aos que impliquen fabricación, transporte, almacenaxe, manipulación e emprego de explosivos ou o emprego de enerxía nuclear, polos órganos específicos contemplados na súa normativa reguladora.

As competencias previstas no parágrafo anterior enténdense sen prexuízo do establecido na lexislación específica sobre produtos e instalacións industriais.

Artigo 8. Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo

1. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo é o órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora destas. Para isto establecerá a cooperación necesaria cos órganos das Comunidades Autónomas con competencias nesta materia.

O Instituto, en cumprimento desta misión, terá as seguintes funcións:

a) Asesoramento técnico na elaboración da normativa legal e no desenvolvemento da

normalización, tanto a nivel nacional como internacional.

b) Promoción e, se é o caso, realización de actividades de formación, información, investigación, estudo e divulgación en materia de prevención de riscos laborais, coa axeitada coordinación e colaboración, se é o caso, cos órganos técnicos en materia preventiva das Comunidades Autónomas no exercicio das súas funcións nesta materia.

c) Apoio técnico e colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social no cumprimento da súa función de vixilancia e control, prevista no artigo 9 desta Lei, no ámbito das Administracións públicas.

d) Colaboración con organismos internacionais e desenvolvemento de programas de cooperación internacional neste ámbito, facilitando a participación das Comunidades Autónomas.

e) Calquera outras que sexan necesarias para o cumprimento dos seus fins e lle sexan encomendadas no ámbito das súas competencias, de acordo coa Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo regulada no artigo 13 desta Lei, coa colaboración, se é o caso, dos órganos técnicos das Comunidades Autónomas con competencias na materia.

2. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, no marco das súas funcións, velará pola coordinación, apoiará o intercambio de información e as experiencias entre as distintas Administracións públicas e especialmente fomentará e prestará apoio á realización de actividades de promoción da seguridade e da saúde polas Comunidades Autónomas.

Así mesmo, prestará, de acordo coas Administracións competentes, apoio técnico especializado en materia de certificación, ensaio e acreditación.

3. En relación coas Institucións da Unión Europea, o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo actuará como centro de referencia nacional, garantindo a coordinación e transmisión da información que deberá facilitar a escala nacional, en particular respecto á Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo e a súa Rede.

4. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo exercerá a Secretaría Xeral da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, prestándolle a asistencia técnica e científica necesaria para o desenvolvemento das súas competencias.

Artigo 9. Inspección de Traballo e Seguridade Social

1. Correspóndelle á Inspección de Traballo e Seguridade Social a función da vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais.

En cumprimento desta misión, terá as seguintes funcións:

a) Vixiar o cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como das normas xurídico-técnicas que incidan nas condicións de traballo en materia de prevención, aínda que non tiveran a cualificación directa de normativa laboral, proponendo á autoridade laboral competente a sanción correspondente, cando comprobase unha infracción á normativa sobre prevención de riscos laborais, de acordo co previsto no capítulo VII desta Lei.

b) Asesorar e informar ás empresas e aos traballadores sobre a maneira máis efectiva de cumprir as disposicións, en que teña a vixilancia encomendada.

c) Elaborar os informes solicitados polos Xulgados do Social nas demandas deducidas perante estes nos procedementos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

d) Informar á autoridade laboral sobre os accidentes de traballo mortais, moi graves ou graves, e sobre aqueles outros con que, polas súas características ou polos suxeitos afectados, se considere necesario o devandito informe, así como sobre as enfermidades profesionais nas que concorran as ditas cualificacións e, en xeral, nos supostos en que aquela o solicite respecto do cumprimento da normativa legal en materia de prevención de riscos laborais.

e) Comprobar e favorecer o cumprimento das obrigas asumidas polos servicios de prevención establecidos nesta Lei.

f) Ordenar a paralización inmediata de traballos cando, a xuízo do inspector, se advirta a existencia de risco grave e inminente para a seguridade ou saúde dos traballadores.

2. As Administracións Xeral do Estado e das comunidades autónomas adoptarán, nos seus respectivos ámbitos de competencia, as medidas necesarias para garantir a colaboración pericial e o asesoramento técnico necesarios á Inspección de Traballo e Seguridade Social que, no ámbito da Administración Xeral do Estado serán prestados polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

Estas Administracións públicas elaborarán e coordinarán planos de actuación, nos seus respectivos ámbitos competenciais e territoriais, para contribuír ó desenvolvemento das actuacións preventivas nas empresas, especialmente as de mediano e pequeno tamaño e as de sectores de actividade con maior nivel de risco ou de sinistralidade, a través de accións de asesoramento, de información, de formación e de asistencia técnica.

No exercicio de tales cometidos, os funcionarios públicos das citadas Administracións que exerzan labores técnicas en materia de prevención de riscos laborais a que se refire o parágrafo anterior, poderán desenvolver funcións de asesoramento, información e comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo, co alcance sinalado no apartado 3 deste artigo e coa capacidade de requirimento a que se refire o artigo 43 desta Lei, todo isto na forma que se determine regulamentariamente.

As referidas actuacións comprobatorias programaranse pola respectiva Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social a que se refire o artigo 17.2 da Lei 42/1997, de 14 de novembro, Ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social para a súa integración no plan de acción en Seguridade e Saúde Laboral da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

3. Cando das actuacións de comprobación a que se refire o apartado anterior, se deduza a existencia de infracción, e sempre que mediara incumprimento de previo requirimento, o funcionario actuante remitirá informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social, no que se recollerán os feitos comprobados, a efectos de que se levante a correspondente acta de infracción, se así procedera.

A estes efectos, os feitos relativos ás actuacións de comprobación das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde recollidos nos informes gozarán da presunción de certeza a que se refire a disposición adicional cuarta, apartado 2, da Lei 42/1997, de 14 de novembro, Ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

4. As actuacións previstas nos dous apartados anteriores, estarán suxeitas aos prazos establecidos no artigo 14, apartado 2, da Lei 42/1997, de 14 de novembro, Ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 10. Actuacións das Administracións públicas competentes en materia sanitaria

As actuacións das Administracións públicas competentes en materia sanitaria referentes á saúde laboral levaranse a cabo a través das accións e en relación cos aspectos sinalados no capítulo IV do Título I da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, e disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

En particular, corresponderá ás devanditas Administracións públicas:

a) O establecemento de medios axeitados para a avaliación e control das actuacións de carácter sanitario que se realicen nas empresas polos servicios de prevención actuantes. Para isto, establecerán as pautas e protocolos de actuación, oídas as sociedades científicas, aos que deberán someter os citados servicios.

b) A implantación de sistemas de información axeitados que permitan a elaboración, xunto coas autoridades laborais competentes, de mapas de riscos laborais, así como a realización de estudos epidemiolóxicos para a identificación e prevención das patoloxías que poidan afectar á saúde dos traballadores, así como facer posible un rápido intercambio de información.

c) A supervisión da formación que, en materia de prevención e promoción da saúde laboral, deba recibir o persoal sanitario actuante nos servicios de prevención autorizados.

d) A elaboración e divulgación de estudos, investigacións e estatísticas relacionados coa saúde dos traballadores.

Artigo 11. Coordinación administrativa

A elaboración de normas preventivas e o control do seu cumprimento, a promoción da prevención, a investigación e a vixilancia epidemiolóxica sobre riscos laborais, accidentes de traballo e enfermidades profesionais determinan a necesidade de coordinar as actuacións das Administracións competentes en materia laboral, sanitaria e de industria para unha máis eficaz protección da seguridade e a saúde dos traballadores.

No marco da devandita coordinación, a Administración competente en materia laboral velará, en particular, para que a información obtida pola Inspección de Traballo e Seguridade Social no exercicio das funcións atribuídas a esta no parágrafo 1 do artigo 9 desta Lei sexa posta en coñecemento da autoridade sanitaria competente para os fins dispostos no artigo 10 desta Lei e no artigo 21 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, así como da Administración competente en materia de industria para os efectos previstos na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria.

Artigo 12. Participación de empresarios e traballadores

A participación de empresarios e traballadores, a través das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, na planificación, programación, organización e control da xestión relacionada coa mellora das condicións de traballo e a protección da seguridade e saúde dos traballadores no traballo é

principio básico da política de prevención de riscos laborais, a desenvolver polas Administracións públicas competentes nos distintos niveis territoriais.

Artigo 13. Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

1. Créase a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo como órgano colexiado asesor das Administracións públicas na formulación das políticas de prevención e órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo.

2. A Comisión estará integrada por un representante de cada unha das Comunidades Autónomas e por igual número de membros da Administración Xeral do Estado e, paritariamente con todos os anteriores, por representantes das organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

3. A Comisión coñecerá as actuacións que desenvolvan as Administracións públicas competentes en materia de promoción da prevención de riscos laborais, de asesoramento técnico e de vixilancia e control a que se refiren os artigos 7, 8, 9 e 11 desta Lei e poderá informar e formular propostas en relación coas devanditas actuacións, especificamente no referente a:

- Criterios e programas xerais de actuación.
- Proxectos de disposicións de carácter xeral.
- Coordinación das actuacións desenvolvidas polas Administracións públicas competentes en materia laboral.
- Coordinación entre as Administracións públicas competentes en materia laboral, sanitaria e de industria.

4. A Comisión adoptará os seus acordos por maioría. Para tal fin, os representantes das Administracións públicas terán cada un un voto e dous os das organizacións empresariais e sindicais.

5. A Comisión contará cun Presidente e catro Vicepresidentes, un por cada un dos grupos que a integran. A Presidencia da Comisión corresponderá ao Secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, recaendo a Vicepresidencia atribuída á Administración Xeral do Estado no Subsecretario de Sanidade e Consumo.

6. A Secretaría da Comisión, como órgano de apoio técnico e administrativo, recaerá na Dirección do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

7. A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo funcionará en Pleno, en Comisión Permanente ou en Grupos de Traballo, conforme á normativa que estableza o Regulamento interno que elaborará a propia Comisión.

No non previsto nesta Lei e no Regulamento interno a que fai referencia o parágrafo anterior, a Comisión rexerese pola Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

CAPÍTULO III

Dereitos e obrigas

Artigo 14. Dereito á protección fronte aos riscos laborais

1. Os traballadores teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

O devandito dereito supón a existencia dun correlativo deber do empresario de protección dos traballadores fronte aos riscos laborais.

Este deber de protección constitúe, igualmente, un deber das Administracións públicas respecto do persoal ao seu servicio.

Os dereitos de información, consulta e participación, formación en materia preventiva, paralización da actividade en caso de risco grave e inminente e vixilancia do seu estado de saúde, nos termos previstos nesta Lei, forman parte do dereito dos traballadores a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

2. No cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servicio en todos os aspectos relacionados co traballo. A estes efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores, coas especialidades que se recollen nos artigos seguintes en materia de plano de prevención de riscos laborais, avaliación de riscos, información, consulta e participación e formación dos traballadores, actuación en casos de emerxencia e de risco grave e inminente, vixilancia da saúde, e mediante a constitución dunha organización e dos medios necesarios nos termos establecidos no capítulo IV desta Lei.

O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puideran evitar e os niveis de protección existentes e disporá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas no parágrafo anterior ás modificacións que podan experimentar as circunstancias que incidan na realización do traballo.

3. O empresario deberá cumprir as obrigas establecidas na normativa sobre prevención de riscos laborais.

4. As obrigas dos traballadores establecidas nesta Lei, a atribución de funcións en materia de protección e prevención a traballadores ou servicios da empresa e o recurso ao concerto con entidades especializadas para o desenvolvemento de actividades de prevención complementarán as accións do empresario, sen que por isto o eximan do cumprimento do seu deber nesta materia, sen prexuízo das accións que poida exercer, se é o caso, contra calquera outra persoa.

5. O custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores.

Artigo 15. Principios da acción preventiva

1. O empresario aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención previsto no artigo anterior, de acordo cos seguintes principios xerais:

a) Evitar os riscos.

b) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.

c) Combater os riscos na súa orixe.

d) Adaptar o traballo á persoa en particular no que respecta á concepción dos postos de traballo, así como a escolla dos equipos e os métodos de traballo e de produción con miras en particular a atenuar o traballo monótono e repetitivo e a reducir os efectos deste na saúde.

e) Ter en conta a evolución da técnica.

f) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.

g) Planificar a prevención, buscando un conxunto coherente que integre nela a técnica, a organización do traballo as condicións de traballo, as relacións sociais e a influencia dos factores ambientais no traballo.

h) Adoptar medidas que antepoñan a protección colectiva á individual.

i) Dar as debidas instrucións aos traballadores.

2. O empresario tomará en consideración as capacidades profesionais dos traballadores en materia de seguridade e de saúde no momento de lles encomendar as tarefas.

3. O empresario adoptará as medidas necesarias a fin de garantir que só os traballadores que recibiran información suficiente e axeitada poidan acceder ás zonas de risco grave e específico.

4. A efectividade das medidas preventivas deberá prever as distraccións ou imprudencias non temerarias que puidese cometer o traballador. Para a súa adopción teranse en conta os riscos adicionais que puidesen implicar determinadas medidas preventivas, as cales só poderán ser adoptadas cando a magnitude dos devanditos riscos sexa substancialmente inferior á dos que se pretende controlar e non existan alternativas máis seguras.

5. Poderán concertar operacións de seguro que teñan como fin garantir como ámbito de cobertura a previsión de riscos derivados do traballo, a empresa respecto dos seus traballadores, os traballadores autónomos respecto a eles mesmos e as sociedades cooperativas respecto aos seus socios, cando a súa actividade consista na prestación do seu traballo persoal.

Artigo 16. "Plano de prevención de riscos laborais, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva"

"1. A prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os niveis xerárquicos desta, a través da implantación e aplicación dun plano de prevención de riscos laborais a que se refire o parágrafo seguinte.

Este plano de prevención de riscos laborais deberá incluír a estrutura organizativa, as responsabilidades, as funcións, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos necesarios para realizar a acción de prevención de riscos na empresa, nos termos que regulamentariamente se establezan.

2. Os instrumentos esenciais para a xestión e aplicación do plano de prevención de riscos, que poderán ser levados a cabo por fases de forma programada, son a avaliación de riscos laborais e a planificación da actividade preventiva a que se refiren los parágrafos seguintes:

a) O empresario deberá realizar unha avaliación inicial dos riscos para a seguridade e saúde dos traballadores, tendo en conta, con carácter xeral, a natureza da actividade, as características dos postos de traballo existentes e dos traballadores que deban desempeñalos. Igual avaliación deberá facerse con ocasión da elección dos equipos de traballo, das sustancias ou preparados químicos e do acondicionamento dos lugares de traballo. A avaliación inicial terá en conta aquelas outras actuacións que deban desenvolverse de conformidade co disposto na normativa sobre protección de riscos específicos e actividades de especial perigosidade. A avaliación será actualizada cando cambien as condicións de traballo e, en todo caso, someterase a consideración e revisarse, se fora necesario, con ocasión dos danos para a saúde que se produciran.

Cando o resultado da avaliación o fixera necesario, o empresario realizará controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores na prestación dos seus servicios, para detectar situacións potencialmente perigosas.

b) Se os resultados da avaliación prevista no parágrafo a) puxeran de manifesto situacións de risco, o empresario realizará aquelas actividades preventivas necesarias para eliminar ou reducir e controlar tales riscos. Ditas actividades serán obxecto de planificación polo empresario, incluíndo para cada actividade preventiva o prazo para levala a cabo, a designación de responsables e os recursos humanos e materiais necesarios para a súa execución.

O empresario deberá asegurarse da efectiva execución das actividades preventivas incluídas na planificación, efectuando para iso un seguimento continuo da mesma.

As actividades de prevención serán modificadas cando se aprecie polo empresario, como consecuencia dos controis periódicos previstos no parágrafo a) anterior, a súa inadecuación aos fins de protección requiridos.

3. Cando se producise un dano para a saúde dos traballadores ou cando, con ocasión da vixilancia da saúde prevista no artigo 22, aparezan indicios de que as medidas de prevención resultan insuficientes, o empresario levará a cabo unha investigación ao respecto, a fin de detectar as causas destes feitos.

Artigo 17. Equipos de traballo e medios de protección

1. O empresario adoptará as medidas necesarias co fin de que os equipos de traballo sexan axeitados para o traballo que se deba realizar e convenientemente adaptados para tal efecto, de xeito que garantan a seguridade e a saúde dos traballadores ao empregalos.

Cando o emprego dun equipo de traballo poida presentar un risco específico para a seguridade e a saúde dos traballadores, o empresario adoptará as medidas necesarias co fin de que:

a) A utilización do equipo de traballo quede reservada aos encargados da devandita utilización.

b) Os traballos de reparación, transformación, mantemento ou conservación sexan realizados polos traballadores especificamente capacitados para iso.

2. O empresario deberá proporcionar aos seus traballadores equipos de protección individual

axeitados para o desempeño das súas funcións e velar polo uso efectivo destes cando, pola natureza dos traballos realizados, sexan necesarios.

Os equipos de protección individual deberán empregarse cando os riscos non se poidan evitar ou non se poidan limitar suficientemente por medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas, métodos ou procedementos de organización do traballo.

Artigo 18. Información, consulta e participación dos traballadores

1. A fin de dar cumprimento ao deber de protección establecido nesta Lei, o empresario adoptará as medidas axeitadas para que os traballadores reciban todas as informacións necesarias en relación con:

a) Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, tanto aqueles que afecten á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.

b) As medidas e actividades de protección e prevención aplicables aos riscos sinalados no apartado anterior.

c) As medidas adoptadas de conformidade co disposto no artigo 20 desta Lei.

Nas empresas que teñan representantes dos traballadores, a información á que se refire este apartado facilitaraa o empresario aos traballadores a través dos devanditos representantes; non obstante, deberase informar directamente a cada traballador dos riscos específicos que afecten ao seu posto de traballo ou función e das medidas de protección e prevención aplicables aos devanditos riscos.

2. O empresario deberá consultar aos traballadores, e permitir a súa participación, no marco de todas as cuestións que afecten á seguridade e á saúde no traballo, de conformidade co disposto no capítulo V desta Lei.

Os traballadores terán dereito a efectuar propostas ao empresario, así como aos órganos de participación e representación previstos no capítulo V desta Lei, dirixidas á mellora dos niveis de protección da seguridade e a saúde da empresa.

Artigo 19. Formación dos traballadores

1. En cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e axeitada, en materia preventiva, tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.

A formación deberá estar centrada especificamente no posto de traballo ou función de cada traballador, adaptarse á evolución dos riscos e á aparición doutros novos e repetirse periodicamente, se fose necesario.

2. A formación á que se refire o parágrafo anterior deberase impartir, sempre que sexa posible, dentro da xeira ou, no seu defecto, noutras horas pero co desconto naquela do tempo investido nesta. A formación poderaa impartir a empresa mediante medios propios ou concertándoa con servicios alleos, e o seu custo non recaerá de ningún xeito sobre os traballadores.

Artigo 20. Medidas de emerxencia

O empresario, tendo en conta o tamaño e a actividade da empresa, así como a posible presenza de persoas alleas a esta, deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores, designando para isto ao persoal encargado de poñer en práctica estas medidas e comprobando periodicamente, se é o caso, o seu correcto funcionamento. O devandito persoal debera posuír a formación necesaria, ser suficiente en número e dispoñer do material axeitado, en función das circunstancias antes sinalada.

Para a aplicación das medidas adoptadas, o empresario deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia destas.

Artigo 21. Risco grave e inminente

1. Cando os traballadores estean ou poidan estar expostos a un risco grave e inminente con ocasión do seu traballo, o empresario estará na obriga de:

a) Informar o antes posible a todos os traballadores afectados en canto á existencia do devandito risco e das medidas adoptadas ou que, se é o caso, se deban adoptar en materia de protección.

b) Adoptar as medidas e dar as instrucións necesarias para que, no caso de perigo grave, inminente e inevitable, os traballadores poidan interromper a súa actividade e, se fose necesario, abandonar de inmediato o lugar de traballo. Neste suposto non se poderá esixir aos traballadores que prosigan a súa actividade mentres persista o perigo, agás excepción debidamente xustificada por razóns de seguridade e determinada regulamentariamente.

c) Dispoñer o necesario para que o traballador que non se puidese poñer en contacto co seu superior xerárquico, ante unha situación de perigo grave e inminente para a súa seguridade, a doutros traballadores ou a de terceiros á empresa, estea en condicións, tendo en conta os seus coñecementos e os medios técnicos postos á súa disposición, de adoptar as medidas necesarias para evitar as consecuencias do devandito perigo.

2. De acordo co previsto no apartado 1 do artigo 14 desta Lei, o traballador terá dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo, en caso necesario, cando considere que a dita actividade entraña un risco grave e inminente para a súa vida ou a súa saúde.

3. Cando no caso a que se refire o apartado 1 deste artigo o empresario non adopte ou non permita a adopción das medidas necesarias para garantir a seguridade e a saúde dos traballadores, os representantes legais destes poderán acordar, por maioría dos seus membros, a paralización da actividade dos traballadores afectados polo devandito risco. Tal acordo será comunicado de inmediato á empresa e á autoridade laboral, a cal, no prazo de vinte e catro horas, anulará ou ratificará a paralización acordada.

O acordo a que se refire o parágrafo anterior poderá ser adoptado por decisión maioritaria dos Delegados de Prevención cando non resulte posible reunir coa urxencia requirida ao órgano de representación do persoal.

4. Os traballadores ou os seus representantes non poderán sufrir prexuízo algún derivado da adopción das medidas a que se refiren os apartados anteriores, a menos que obrasen de mala fe ou cometesen negligencia grave.

Artigo 22. Vixilancia da saúde

1. O empresario garantiralles aos traballadores ao seu servicio a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo.

Esta vixilancia só se poderá levar a cabo cando o traballador preste o seu consentimento. Deste carácter voluntario só se exceptuarán, previo informe dos representantes dos traballadores, os supostos nos que a realización dos recoñecementos sexa imprescindible para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores ou para verificar se o estado de saúde do traballador pode constituír un perigo para este, para os demais traballadores ou para outras persoas relacionadas coa empresa ou cando así estea establecido nunha disposición legal en relación coa protección de riscos específicos e actividades de especial perigosidade.

En todo caso deberase optar pola realización daqueles recoñecementos ou probas que causen as menores molestias ao traballador e que sexan proporcionais ao risco.

2. As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo respectando sempre o dereito á intimidade e á dignidade da persoa do traballador e á confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde.

3. Os resultados da vixilancia a que se refire o apartado anterior serán comunicados aos traballadores afectados.

4. Os datos relativos á vixilancia da saúde dos traballadores non poderán ser empregados con fins discriminatorios nin en prexuízo do traballador.

O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores, sen que se poida facilitar ao empresario ou a outras persoas sen consentimento expreso do traballador.

Malia o anterior, o empresario e as persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención serán informados das conclusións que se deriven dos recoñecementos efectuados en relación coa aptitude do traballador para o desempeño do posto de traballo ou coa necesidade de introducir ou mellorar as medidas de protección e prevención, a fin de que poidan desenvolver correctamente as súas funcións en materia preventiva.

5. Nos supostos en que a natureza dos riscos inherentes ao traballo o faga necesario, o dereito dos traballadores á vixilancia periódica do seu estado de saúde deberá ser alongado máis alá do remate da relación laboral, nos termos que regulamentariamente se determinen.

6. As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada.

Artigo 23. Documentación

1. O empresario deberá elaborar e conservar á disposición da autoridade laboral a seguinte documentación relativa ás obrigas establecidas nos artigos anteriores:

a) Plano de prevención de riscos laborais, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 16 desta Lei.

b) Avaliación dos riscos para a seguridade e a saúde no traballo, incluído o resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores, de acordo co disposto no parágrafo a) do apartado 2 do artigo 16 desta Lei.

c) Planificación da actividade preventiva, incluídas as medidas de protección e de prevención a adoptar e, no seu caso, material de protección que deba utilizarse, de conformidade co parágrafo b) do apartado 2 do artigo 16 desta Lei.

d) Práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores previstos no artigo 22 desta Lei e conclusións obtidas deses nos termos recollidos no derradeiro parágrafo do apartado 4 do devandito artigo.

e) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causaran ao traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo. Nestes casos o empresario realizará, ademais, a notificación a que se refire o apartado 3 deste artigo.

2. No momento de cesamento da súa actividade, as empresas deberán achegar á autoridade laboral a documentación sinalada no apartado anterior.

3. O empresario estará na obriga de notificar por escrito á autoridade laboral os danos para a saúde dos traballadores ao seu servizo que se produciran por mor do desenvolvemento do seu traballo, conforme ao procedemento que se determine regulamentariamente.

4. A documentación a que fai referencia este artigo deberá tamén ser posta a disposición das autoridades sanitarias co fin de que estas poidan cumprir co disposto no artigo 10 desta Lei e no artigo 21 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade.

Artigo 24. Coordinación de actividades empresariais

1. Cando nun mesmo centro de traballo desenvolvan actividades traballadores de dúas ou máis empresas, estas deberán cooperar na aplicación da normativa sobre prevención de riscos laborais. Para tal fin, establecerán os medios de coordinación que sexan necesarios en canto á protección e prevención de riscos laborais e a información sobre estes aos seus respectivos traballadores, nos termos previstos no apartado 1 do artigo 18 desta Lei.

2. O empresario titular do centro de traballo adoptará as medidas necesarias para que aqueloutros empresarios que desenvolvan actividades no seu centro de traballo reciban a información e as instrucións axeitadas, en relación cos riscos existentes no centro de traballo e coas medidas de protección e prevención correspondentes, así como sobre as medidas de emerxencia a aplicar, para o seu traslado aos seus respectivos traballadores.

3. As empresas que contraten ou subcontraten con outras a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daquelas e que se desenvolvan nos seus propios centros de traballo deberán vixiar o cumprimento polos devanditos contratistas e subcontratistas da normativa de prevención de riscos laborais.

4. As obrigas consignadas no derradeiro parágrafo do apartado 1 do artigo 41 desta Lei serán tamén de aplicación, respecto das operacións contratadas, nos supostos en que os traballadores da empresa contratista ou subcontratista non presten servizos nos centros de traballo da empresa principal, sempre que

tales traballadores deban operar con maquinaria, equipos, produtos, materias primas ou utensilios proporcionados pola empresa principal.

5. Os deberes de cooperación e de información e instrución recollidos nos apartados 1 e 2 aplicaranse respecto dos traballadores autónomos que desenvolvan actividades nos devanditos centros de traballo.

6. As obrigas previstas neste artigo serán desenvoltas regulamentariamente.

Artigo 25. Protección de traballadores especialmente sensibles a determinados riscos

1. O empresario garantirá de maneira específica a protección dos traballadores que, polas súas propias características persoais ou estado biolóxico coñecido, incluídos aqueles que teñan recoñecida a situación de discapacidade física, psíquica ou sensorial, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo. Para tal fin, deberá ter en conta os ditos aspectos nas avaliacións dos riscos e, en función destas, adoptará as medidas preventivas e de protección necesarias.

Os traballadores non serán empregados naqueles postos de traballo nos que, a causa das súas características persoais, estado biolóxico ou pola súa discapacidade física, psíquica ou sensorial debidamente recoñecida, poidan eles, os demais traballadores ou outras persoas relacionadas coa empresa poñerse en situación de perigo ou, en xeral, cando estean manifestamente en estados ou situacións transitorias que non respondan ás esixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo.

2. Igualmente, o empresario deberá ter en conta nas avaliacións os factores de risco que poidan incidir na función de procreación dos traballadores, en particular pola exposición a axentes físicos, químicos e biolóxicos que poidan exercer efectos mutaxénicos ou de toxicidade para a procreación, tanto nos aspectos da fertilidade, como do desenvolvemento da descendencia, co fin de adoptar as medidas preventivas necesarias.

Artigo 26. Protección da maternidade

1. A avaliación dos riscos a que se refire o artigo 16 desta Lei deberá abranguer a determinación da natureza, o grao e a duración da exposición das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde das traballadoras ou do feto, en calquera actividade susceptible de presentar un risco específico. Se os resultados da avaliación revelasen un risco para a seguridade e a saúde ou unha posible repercusión sobre o embarazo ou a lactación das devanditas traballadoras, o empresario adoptará as medidas necesarias para evitar a exposición ao dito risco, a través dunha adaptación das condicións ou do tempo de traballo da traballadora afectada. As devanditas medidas incluírán, cando resulte necesario, a non realización de traballo nocturno ou de traballo a quendas.

2. Cando a adaptación das condicións ou do tempo de traballo non resultase posible ou, a pesar de tal adaptación, as condicións dun posto de traballo puidesen influír negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto, e así o certifiquen os Servizos Médicos do Instituto Nacional da Seguridade Social ou das Mutuas, co informe do médico do Servizo Nacional da Saúde que asista facultativamente á traballadora, esta deberá desempeñar un posto de traballo ou función diferente e compatible co seu estado. O empresario deberá determinar, previa consulta cos representantes dos traballadores, a relación dos postos de traballo exentos de riscos para estes efectos.

O cambio de posto ou función levarase a cabo de conformidade coas regras e criterios que se apliquen nos supostos de mobilidade funcional e terá efectos ata o momento en que o estado de saúde da traballadora permita a súa reincorporación ao anterior posto.

No suposto de que, aínda aplicando as regras sinaladas no parágrafo anterior, non existise posto de traballo ou función compatible, a traballadora poderá ser destinada a un posto non correspondente ao seu grupo ou a categoría equivalente, aínda que conservará o dereito ao conxunto de retribucións do seu posto de orixe.

3. Se o antedito cambio de posto non resultara técnica ou obxectivamente posible, ou no poida razoablemente exixirse por motivos xustificadas, poderá declararse o paso da traballadora afectada á situación de suspensión do contrato por risco durante o embarazo, contemplada no artigo 45.1 d) do Estatuto dos Traballadores, durante o período necesario para a protección da súa seguridade ou da súa saúde e mentres persista a imposibilidade de reincorporarse ao seu posto anterior ou a outro posto compatible co seu estado.

4. O disposto nos números 1 e 2 deste artigo será tamén de aplicación durante o período de lactación, se as condicións de traballo puidesen influír negativamente na saúde da muller ou do fillo e así o certificase o médico que, no réxime de Seguridade Social aplicable, asista facultativamente á traballadora.

5. As traballadoras embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, previo aviso ao empresario e xustificación da necesidade da súa realización dentro da xeira.

Artigo 27. Protección dos menores

1. Antes da incorporación ao traballo de mozos menores de dezoito anos, e previamente a calquera modificación importante das súas condicións de traballo, o empresario deberá efectuar unha avaliación dos postos de traballo a desempeñar por estes, a fin de determinar a natureza, o grao e a duración da súa exposición, en calquera actividade susceptible de presentar un risco específico ao respecto, a axentes, procesos ou condicións de traballo que poidan poñer en perigo a seguridade ou a saúde destes traballadores.

Para tal fin, a avaliación terá especialmente en conta os riscos específicos para a seguridade, a saúde e o desenvolvemento dos mozos derivados da súa falta de experiencia, da súa inmadurez para avaliar os riscos existentes ou potenciais e do seu desenvolvemento aínda incompleto.

En todo caso, o empresario informará aos devanditos mozos e aos seus pais ou titores que interviñesen na contratación, conforme ao disposto na letra b) do artigo 7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado polo Real Decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, dos posibles riscos e de todas as medidas adoptadas para a protección da súa seguridade e saúde.

2. Tendo en conta os factores anteriormente sinalados, o Goberno establecerá as limitacións á contratación dos mozos menores de dezoito anos en traballos que presenten riscos específicos.

Artigo 28. Relacións de traballo temporais, de duración determinada e en empresas de traballo temporal

1. Os traballadores con relacións de traballo temporais ou de duración determinada, así como os contratados por empresas de traballo temporal, deberán beneficiarse do mesmo nivel de protección en

materia de seguridade e saúde que os restantes traballadores da empresa na que prestan os seus servizos.

A existencia dunha relación de traballo das sinaladas no parágrafo anterior non xustificará de ningún xeito unha diferenza de trato polo que respecta ás condicións de traballo, no relativo a calquera dos aspectos da protección da seguridade e a saúde dos traballadores.

Esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento aplicaranse plenamente ás relacións de traballo sinaladas nos parágrafos anteriores.

2. O empresario adoptará as medidas necesarias para garantir que, con carácter previo ao inicio da súa actividade, os traballadores a que se refire o apartado anterior reciban información acerca dos riscos aos que estean expostos, en particular no relativo á necesidade de cualificacións ou aptitudes profesionais determinadas, a existencia de controis médicos especiais ou a existencia de riscos específicos do posto de traballo a cubrir, así como sobre as medidas de protección e prevención fronte a estes.

Os devanditos traballadores recibirán, en todo caso, unha formación suficiente e axeitada ás características do posto de traballo a cubrir, tendo en conta a súa cualificación e experiencia profesional e os riscos aos que estean expostos.

3. Os traballadores a que se refire este artigo terán dereito a unha vixilancia periódica do seu estado de saúde, nos termos establecidos no artigo 22 desta Lei e nas súas normas de desenvolvemento.

4. O empresario deberá informar aos traballadores designados para ocuparse das actividades de protección e prevención ou, se é o caso, o servizo de prevención previsto no artigo 31 desta Lei da incorporación dos traballadores a que se refire este artigo, na medida necesaria para que poidan desenvolver de xeito axeitado ás súas funcións respecto de todos os traballadores da empresa.

5. Nas relacións de traballo a través de empresas de traballo temporal, a empresa usuaria será responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e a saúde dos traballadores. Corresponderá, ademais, á empresa usuaria o cumprimento das obrigas en materia de información previstas nos apartados 2 e 4 deste artigo.

A empresa de traballo temporal será responsable do cumprimento das obrigas en materia de formación e vixilancia da saúde que se establecen nos apartados 2 e 3 deste artigo. Para tal fin, e sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a empresa usuaria deberá informar á empresa de traballo temporal, e esta aos traballadores afectados, antes da adscrición destes, acerca das características propias dos postos de traballo a desempeñar e das cualificacións requiridas.

A empresa usuaria deberá informar aos representantes dos traballadores nesta da adscrición dos traballadores postos a disposición pola empresa de traballo temporal. Os ditos traballadores poderanse dirixir a estes representantes no exercicio dos dereitos recoñecidos nesta Lei.

Artigo 29. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos

1. Corresponde a cada traballador velar, segundo as súas posibilidades e mediante o cumprimento das medidas de prevención que en cada caso sexan adoptadas, pola súa propia seguridade e saúde no traballo e pola daqueloutras persoas ás que poida afectar a súa actividade profesional, a causa dos seus actos e omisións no traballo, de conformidade coa súa formación e as instrucións do empresario.

2. Os traballadores, de acordo coa súa formación e seguindo as instrucións do empresario, deberán

en particular:

1º. Empregar de forma axeitada, de acordo coa súa natureza e os riscos previsibles, as máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas, equipos de transporte e, en xeral, calquera outros medios cos que desenvolvan a súa actividade.

2º. Empregar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario, de acordo coas instrucións recibidas deste.

3º. Non poñer fóra de funcionamento e empregar correctamente os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen nos medios relacionados coa súa actividade ou nos lugares de traballo en que esta teña lugar.

4º. Informar de inmediato ao seu superior xerárquico directo, e aos traballadores designados para realizaren actividades de protección e de prevención ou, se é o caso, ao servizo de prevención, acerca de calquera situación, que ao seu xuízo entrañe, por motivos razoables, un risco para a seguridade e a saúde dos traballadores.

5º. Contribuír ao cumprimento das obrigas establecidas pola autoridade competente co fin de protexer a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo.

6º. Cooperar co empresario para que este poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores.

3. O cumprimento polos traballadores das obrigas en materia de prevención de riscos a que se refiren os apartados anteriores terá a consideración de incumprimento laboral para os efectos previstos no artigo 58.1 do Estatuto dos Traballadores ou de falta, se é o caso, conforme ao establecido na correspondente normativa sobre réxime disciplinario dos funcionarios públicos ou do persoal estatutario ao servizo das Administracións públicas. O disposto neste apartado será igualmente aplicable aos socios das cooperativas en que a súa actividade consista na prestación do seu traballo, coas precisións que se establezan nos seus Regulamentos de Réxime Interno.

CAPÍTULO IV

Servicios de prevención

Artigo 30. Protección e prevención de riscos profesionais

1. En cumprimento do deber de prevención de riscos profesionais, o empresario designará un ou varios traballadores para ocupárense da devandita actividade, constituirá un servizo de prevención ou concertará o dito servizo cunha entidade especializada allea á empresa.

2. Os traballadores designados deberán ter a capacidade necesaria, dispor do tempo e dos medios precisos e ser suficientes en número, tendo en conta o tamaño da empresa, así como os riscos a que están expostos os traballadores e a súa distribución nesta, co alcance que se determine nas disposicións a que se refire a letra e) do apartado 1 do artigo 6 desta Lei.

Os traballadores a que se refire o parágrafo anterior colaborarán entre si e, se é o caso, cos servizos de prevención.

3. Para a realización da actividade de prevención, o empresario deberá facilitar aos traballadores designados o acceso á información e documentación a que se refiren os artigos 18 e 23 desta Lei.

4. Os traballadores designados non poderán sufrir ningún prexuízo derivado das súas actividades de protección e prevención dos riscos profesionais na empresa. En exercicio desta función, os devanditos traballadores gozarán, en particular, das garantías que para os representantes dos traballadores establecen as letras a), b) e c) do artigo 68 e o apartado 4 do artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Esta garantía acadará tamén, aos traballadores integrantes do servizo de prevención, cando a empresa decida constituílo de acordo co disposto no artigo seguinte.

Os traballadores a que se refiren os parágrafos anteriores deberán gardar sixilo profesional sobre a información relativa á empresa á que tiveran acceso como consecuencia do desempeño das súas funcións.

5. Nas empresas de menos de seis traballadores, o empresario poderá asumir persoalmente as funcións sinaladas no apartado 1, sempre que desenvolva de forma cotiá a súa actividade no centro de traballo e teña a capacidade necesaria, en función dos riscos a que estean expostos os traballadores e a perigosidade das actividades, co alcance que se determine nas disposicións a que se refire a letra e) do apartado 1 do artigo 6 desta Lei.

6. O empresario que non concertase o Servizo de prevención cunha entidade especializada allea á empresa deberá someter o seu sistema de prevención ao control dunha auditoría ou avaliación externa, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 31. Servizos de prevención

1. Se a designación dun ou varios traballadores fose insuficiente para a realización das actividades de prevención, en función do tamaño da empresa, dos riscos a que estean expostos os traballadores ou da perigosidade das actividades desenvolvidas, co alcance que se estableza nas disposicións a que se refire a letra e) do apartado 1 do artigo 6 desta Lei, o empresario deberá recorrer a un ou varios servizos de prevención propios ou alleos á empresa, que colaborarán cando sexa necesario.

Para o establecemento destes servizos nas Administracións públicas terase en conta a súa estrutura organizativa e a existencia, se é o caso, de ámbitos sectoriais e descentralizados.

2. Entenderase como servizo de prevención o conxunto de medios humanos e materiais necesarios para realizar as actividades preventivas a fin de garantir a axeitada protección da seguridade e a saúde dos traballadores, asesorando e asistindo para isto ao empresario, aos traballadores e aos seus representantes e aos órganos de representación especializados. Para o exercicio das súas funcións, o empresario deberá facilitar ao devandito servizo o acceso á información e documentación a que se refire o apartado 3 do artigo anterior.

3. Os servizos de prevención deberán estar en condicións de proporcionar á empresa o asesoramento e apoio que precise en función dos tipos de risco nela existentes e no referente a:

a) O deseño, implantación e aplicación dun plano de prevención de riscos laborais que permita a integración da prevención na empresa.

b) A avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e a saúde dos traballadores nos termos previstos no artigo 16 desta Lei.

c) A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas e a vixilancia da súa eficacia.

d) A información e formación dos traballadores.

e) A prestación dos primeiros auxilios e planos de emerxencia.

f) A vixilancia da saúde dos traballadores en relación cos riscos derivados do traballo.

4. O servizo de prevención terá carácter interdisciplinario, tendo os seus medios que ser apropiados para cumprir as súas funcións. Para isto, a formación, especialidade, capacitación, dedicación e número de compoñentes destes servizos, así como os seus recursos técnicos, deberán ser suficientes e axeitados ás actividades preventivas a desenvolver, en función das seguintes circunstancias:

a) Tamaño da empresa.

b) Tipos de risco aos que se poidan atopar expostos os traballadores.

c) Distribución de riscos na empresa.

5. Para poder actuar como servizos de prevención, as entidades especializadas deberán ser obxecto de acreditación pola Administración laboral, mediante a comprobación de que reúnen os requisitos que se establezan regulamentariamente e previa aprobación da Administración sanitaria en canto aos aspectos de carácter sanitario.

Artigo 32. Actuación preventiva das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais

As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social poderán desenvolver para as empresas a elas asociadas as funcións correspondentes aos servizos de prevención, con suxeición ao disposto no apartado 5 do artigo 31.

Os representantes dos empresarios e dos traballadores terán dereito a participar no control e seguimento da xestión desenvolvida polas Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social nas funcións a que se refire o parágrafo anterior conforme ao previsto no artigo 39, cinco, da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de Medidas fiscais, administrativas e de orde social.

Artigo 32 bis. Presencia dos recursos preventivos.

1. A presenza no centro de traballo dos recursos preventivos, calquera que sexa a modalidade de organización de ditos recursos, será necesaria nos seguintes casos:

a) Cando os riscos podan verse agravados ou modificados no desenvolvemento do proceso ou a actividade, pola concorrencia de operacións diversas que se desenvolven sucesiva o simultaneamente e que fagan preciso o control da correcta aplicación dos métodos de traballo.

b) Cando se realicen actividades ou procesos que regulamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais.

c) Cando a necesidade de dita presenza sexa requirida pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, se as circunstancias do caso así o esixiran debido ás condicións de traballo detectadas.

2. Considéranse recursos preventivos, aos que o empresario poderá asignar a presenza, os seguintes:

a) Un ou varios traballadores designados da empresa.

b) Un ou varios membros do servizo de prevención propio da empresa.

c) Un ou varios membros do ou dos servizos de prevención alleos concertados pola empresa. Cando a presenza se realice por diferentes recursos preventivos estes deberán colaborar entre si.

3. Os recursos preventivos a que se refire o apartado anterior deberán ter a capacidade suficiente, dispoñer dos medios necesarios e ser suficientes en número para vixiar o cumprimento das actividades preventivas, debendo permanecer no centro de traballo durante o tempo no que se manteña a situación que determine a súa presenza.

4. No obstante o sinalado nos apartados anteriores, o empresario poderá asignar a presenza de forma expresa a un ou varios traballadores da empresa que, sen formar parte do servizo de prevención propio ni ser traballadores designados, reúnan os coñecementos, a cualificación e a experiencia necesarios nas actividades ou procesos a que se refire o apartado 1 e contén coa formación preventiva correspondente, como mínimo, ás funcións do nivel básico.

Neste suposto, tales traballadores manterán a necesaria colaboración cos recursos preventivos do empresario.

CAPÍTULO V

Consulta e participación dos traballadores

Artigo 33. Consulta dos traballadores

1. O empresario deberá consultar aos traballadores, coa debida antelación, a adopción das decisións relativas a:

a) A planificación e a organización do traballo na empresa e a introducción de novas tecnoloxías, en todo o relacionado coas consecuencias que estas puidesen ter para a seguridade e a saúde dos traballadores, derivadas da escolla dos equipos, a determinación e a adecuación das condicións de traballo e o impacto dos factores ambientais no traballo.

b) A organización e desenvolvemento das actividades de protección da saúde e prevención dos riscos profesionais na empresa, incluída a designación dos traballadores encargados das devanditas actividades ou o recurso a un servizo de prevención externo.

c) A designación dos traballadores encargados das medidas de emerxencia.

d) Os procedementos de información e documentación a que se refiren os artigos 18, apartado 1, e 23, apartado 1, desta Lei.

e) O proxecto e a organización da formación en materia preventiva.

f) Calquera outra acción que poida ter efectos substanciais sobre a seguridade e a saúde dos traballadores.

2. Nas empresas que contén con representantes dos traballadores, as consultas a que se refire o apartado anterior levaranse a cabo cos ditos representantes.

Artigo 34. Dereitos de participación e representación

1. Os traballadores teñen dereito a participar na empresa nas cuestións relacionadas coa prevención de riscos no traballo.

Nas empresas ou centros de traballo que contén con seis ou máis traballadores, a participación destes canalizarase a través dos seus representantes e da representación especializada que se regula neste capítulo.

2. Aos Comités de Empresa, aos Delegados de Persoal e aos representantes sindicais corresponderalles, nos termos que, respectivamente, lles recoñecen o Estatuto dos Traballadores, a Lei de Órganos de Representación do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e a Lei Orgánica de Liberdade Sindical, a defensa dos intereses dos traballadores en materia de prevención de riscos no traballo. Para isto, os representantes do persoal exercerán as competencias que as devanditas normas establecen en materia de información, consulta e negociación, vixilancia e control e exercicio de accións perante as empresas e os órganos e tribunais competentes.

3. O dereito de participación que se regula neste capítulo exercerase no ámbito das Administracións públicas coas adaptacións que procedan en atención á diversidade das actividades que desenvolven e as diferentes condicións en que estas se realizan, a complexidade e dispersión da súa estrutura organizativa e as súas peculiaridades en materia de representación colectiva, nos termos previstos na Lei 7/1990, do 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos, podendo establecer ámbitos sectoriais e descentralizados en función do número de efectivos e centros.

Para levar a cabo a indicada adaptación no ámbito da Administración Xeral do Estado, o Goberno terá en conta os seguintes criterios:

a) De ningún xeito a dita adaptación poderá afectar ás competencias, facultades e garantías que se recoñecen nesta Lei aos Delegados de Prevención e aos Comités de Seguridade e Saúde.

b) Deberase establecer o ámbito específico que resulte axeitado en cada caso para o exercicio da función de participación en materia preventiva dentro da estrutura organizativa da Administración. Con carácter xeral, o devandito ámbito será o dos órganos de representación do persoal ao servizo das Administracións públicas, aínda que se poderán establecer outros distintos en función das características da actividade e frecuencia dos riscos a que poidan estar expostos os traballadores.

c) Cando no indicado ámbito existan diferentes órganos de representación do persoal, deberase garantir unha actuación coordinada de todos eles en materia de prevención e protección da seguridade e a saúde no traballo, posibilitando que a participación se realice de forma conxunta entre uns e outros, no ámbito específico establecido para o efecto.

d) Con carácter xeral, constituirase un único Comité de Seguridade e Saúde no ámbito dos órganos de representación previstos na Lei de Órganos de Representación do Persoal ao Servicio das Administracións Públicas, que estará integrado polos Delegados de Prevención designados no dito ámbito, tanto para o persoal con relación de carácter administrativo ou estatutario como para o persoal laboral, e por representantes da Administración en número non superior ao de Delegados. Malia isto, poderanse constituír Comités de Seguridade e Saúde noutros ámbitos cando as razóns da actividade e o tipo e frecuencia dos riscos así o aconsellen.

Artigo 35. Delegados de Prevención

1. Os Delegados de Prevención son os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo.

2. Os Delegados de Prevención serán designados por e entre os representantes do persoal, no ámbito dos órganos de representación previstos nas normas a que se refire o artigo anterior, de acordo coa seguinte escala:

- De 50 a 100 traballadores: 2 Delegados de prevención.
- De 101 a 500 traballadores: 3 Delegados de Prevención.
- De 501 a 1.000 traballadores: 4 Delegados de Prevención.
- De 1.001 a 2.000 traballadores: 5 Delegados de Prevención.
- De 2.001 a 3.000 traballadores: 6 Delegados de Prevención.
- De 3.001 a 4.000 traballadores: 7 Delegados de Prevención.
- De 4.001 en diante: 8 Delegados de Prevención.

Nas empresas de ata trinta traballadores o Delegado de Prevención será o Delegado de Persoal.

Nas empresas de trinta e un a corenta e nove traballadores haberá un Delegado de Prevención que será elixido por e entre os Delegados de Persoal.

3. Para os efectos de determinar o número de Delegados de Prevención teranse en conta os seguintes criterios:

a) Os traballadores vinculados por contratos de duración determinada superior a un ano computaranse como traballadores fixos do cadro de persoal.

b) Os contratados por prazo de ata un ano computaranse segundo o número de días traballados no período dun ano anterior á designación. Cada douscentos días traballados ou fracción computaranse como un traballador máis.

4. Malia o disposto neste artigo, nos convenios colectivos poderanse establecer outros sistemas de designación dos Delegados de Prevención, sempre que se garanta que a facultade de designación corresponde aos representantes do persoal ou aos propios traballadores.

Así mesmo, na negociación colectiva ou mediante os acordos a que se refire o artigo 83, apartado 3, do Estatuto dos Traballadores poderase acordar que as competencias recoñecidas nesta Lei aos Delegados de Prevención sexan exercidas por órganos específicos creados no propio convenio ou nos acordos nomeados. Os devanditos órganos poderán asumir, nos termos e conforme ás modalidades que se acorde, competencias xerais respecto do conxunto dos centros de traballo incluídos no ámbito de aplicación do

convenio ou do acordo, co fin de fomentar o mellor cumprimento nestes da normativa sobre prevención de riscos laborais.

Igualmente, no ámbito das Administracións públicas poderanse establecer, nos termos sinalados na Lei 7/1990, do 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos, outros sistemas de designación dos Delegados de Prevención e acordarse que as competencias que a dita Lei atribúe a estes poidan ser exercidas por órganos específicos.

Artigo 36. Competencias e facultades dos Delegados de Prevención

1. Son competencias dos Delegados de Prevención:

a) Colaborar coa dirección da empresa na mellora da acción preventiva.

b) Promover e fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.

c) Ser consultados polo empresario, con carácter previo á súa execución, acerca das decisións a que se refire o artigo 33 desta Lei.

d) Exercer un labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

Nas empresas que, de acordo co disposto no apartado 2 do artigo 38 desta Lei, non contén con Comité de Seguridade e Saúde por non acadaren o número mínimo de traballadores establecido para tal efecto, as competencias atribuídas a aquel nesta Lei serán exercidas polos Delegados de Prevención.

2. No exercicio das competencias atribuídas aos Delegados de Prevención, estes estarán facultados para:

a) Acompañar os técnicos nas avaliacións de carácter preventivo do medio ambiente de traballo, así como, nos termos previstos no artigo 40 desta Lei, aos Inspectores de Traballo e Seguridade Social nas visitas e verificacións que realicen nos centros de traballo para comprobar o cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais, podendo formular ante eles as observacións que estimen oportunas.

b) Ter acceso, coas limitacións previstas no apartado 4 do artigo 22 desta Lei, á información e documentación relativa ás condicións de traballo que sexan necesarias para o exercicio das súas funcións e, en particular, á prevista nos artigos 18 e 23 desta Lei. Cando a información estea suxeita ás limitacións devanditas, só poderá ser subministrada de maneira que se garanta o respecto da confidencialidade.

c) Ser informados polo empresario sobre os danos producidos na saúde dos traballadores unha vez que aquel tivese coñecemento deles, podendo presentarse, aínda fóra da súa xeira, no lugar dos feitos para coñecer as circunstancias destes.

d) Recibir do empresario as informacións obtidas por este procedentes das persoas ou órganos encargados das actividades de protección e prevención na empresa, así como dos organismos competentes para a seguridade e a saúde dos traballadores, sen prexuízo do disposto no artigo 40 desta Lei en materia de colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

e) Realizar visitas aos lugares de traballo para exercer un labor de vixilancia e control do estado das

condicións de traballo, podendo, para tal fin, acceder a calquera zona destes e comunicarse durante a xeira cos traballadores, de maneira que non se altere o normal desenvolvemento do proceso productivo.

f) Solicitar do empresario a adopción de medidas de carácter preventivo e para a mellora dos niveis de protección da seguridade e a saúde dos traballadores, podendo para tal fin efectuar propostas ao empresario, así como ao Comité de Seguridade e Saúde para a súa discusión neste.

g) Proponer ao órgano de representación dos traballadores a adopción do acordo de paralización de actividades a que se refire o apartado 3 do artigo 21.

3. Os informes que deben emitir os Delegados de Prevención a teor do disposto na letra c) do apartado 1 deste artigo deberanse elaborar nun prazo de quince días, ou no tempo imprescindible cando se trate de adoptar medidas dirixidas a previr riscos inminentes. Transcorrido o prazo sen ter emitido o informe, o empresario poderá poñer en práctica a súa decisión.

4. A decisión negativa do empresario á adopción das medidas propostas polo Delegado de Prevención a teor do disposto na letra f) do apartado 2 deste artigo deberá ser motivada.

Artigo 37. Garantías e sixilo profesional dos Delegados de Prevención

1. O previsto no artigo 68 do Estatuto dos Traballadores en materia de garantías aplicarase aos Delegados de Prevención na súa condición de representantes dos traballadores.

O tempo empregado polos Delegados de Prevención para o desempeño das funcións previstas nesta Lei considerarase como de exercicio de funcións de representación para os efectos da utilización do crédito de horas mensuais retribuídas previsto na letra e) do devandito artigo 68 do Estatuto dos Traballadores.

Malia o anterior, considerarase en todo caso como tempo de traballo efectivo, sen imputación ao dito crédito horario, o correspondente ás xuntanzas do Comité de Seguridade e Saúde e a calquera outras convocadas polo empresario en materia de prevención de riscos, así como o destinado ás visitas previstas nas letras a) e c) do número 2 do artigo anterior.

2. O empresario deberá proporcionarlles aos Delegados de Prevención os medios e a formación en materia preventiva que resulten necesarios para o exercicio das súas funcións.

A formación teraa que facilitar o empresario polos seus propios medios ou mediante concerto con organismos ou entidades especializadas na materia e deberá adaptarse á evolución dos riscos e á aparición doutros novos, repetíndose periodicamente se fose necesario.

O tempo dedicado á formación considerarase como tempo de traballo para todos os efectos e o seu custo non poderá recaer de ningún xeito sobre os Delegados de Prevención.

3. Os Delegados de Prevención seralles de aplicación o disposto no apartado 2 do artigo 65 do Estatuto dos Traballadores en canto ao sixilo profesional debido respecto das informacións a que tivesen acceso como consecuencia da súa actuación na empresa.

4. O disposto neste artigo en materia de garantías e sixilo profesional dos Delegados de Prevención entenderase referido, no caso das relacións de carácter administrativo ou estatutario do persoal ao servizo das Administracións públicas, á regulación contida nos artigos 10, parágrafo segundo, e 11 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de Órganos de Representación, Determinación das Condicións de Traballo e Participación

do Persoal ao Servicio das Administracións Públicas.

Artigo 38. Comité de Seguridade e Saúde

1. O Comité de Seguridade e Saúde é o órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos.

2. Constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con 50 ou máis traballadores. O Comité estará formado polos Delegados de Prevención, dunha parte, e polo empresario e/ou os seus representantes en número igual ao de Delegados de Prevención, da outra.

Nas xuntanzas do Comité de Seguridade e Saúde participarán, con voz pero sen voto, os Delegados Sindicais e os responsables técnicos da prevención na empresa que non estean incluídos na composición á que se refire o parágrafo anterior. Nas mesmas condicións poderán participar, traballadores da empresa que contén cunha especial cualificación ou información respecto de concretas cuestións que se debatan neste órgano e técnicos en prevención alleos á empresa, sempre que así o solicite algunha das representacións no Comité.

3. O Comité de Seguridade e Saúde reunirse trimestralmente e sempre que o solicite algunha das representacións deste. O Comité adoptará as súas propias normas de funcionamento.

As empresas que contén con varios centros de traballo dotados de Comité de Seguridade e Saúde poderán acordar cos seus traballadores a creación dun Comité Intercentros, coas funcións que o acordo lle atribúa.

Artigo 39. Competencias e facultades do Comité de Seguridade e Saúde

1. O Comité de Seguridade e Saúde terá as seguintes competencias:

a) Participar na elaboración, posta en práctica e avaliación dos planos e programas de prevención de riscos na empresa. A tal efecto, no seu seno se debaterán, antes da súa posta en práctica e no referente a súa incidencia na prevención de riscos, os proxectos en materia de planificación, organización do traballo e introducción de novas tecnoloxías, organización e desenvolvemento das actividades de protección e prevención a que se refire o artigo 16 desta Lei e proxecto e organización da formación en materia preventiva.

b) Promover iniciativas sobre métodos e procedementos para a efectiva prevención dos riscos, proponendo á empresa a mellora das condicións ou a corrección das deficiencias existentes.

2. No exercicio das súas competencias, o Comité de Seguridade e Saúde estará facultado para:

a) Coñecer directamente a situación relativa á prevención de riscos no centro de traballo, realizando para tal efecto as visitas que estime oportunas.

b) Coñecer cantos documentos e informes relativos ás condicións de traballo sexan necesarios para o cumprimento das súas funcións, así como os procedentes da actividade do servizo de prevención, se é o caso.

c) Coñecer e analizar os danos producidos na saúde ou na integridade física dos traballadores, co fin de avaliar as súas causas e propoñer as medidas preventivas oportunas.

d) Coñecer e informar a memoria e programación anual dos servicios de prevención.

3. A fin de dar cumprimento ao disposto nesta Lei respecto da colaboración entre empresas nos supostos de desenvolvemento simultáneo de actividades nun mesmo centro de traballo, poderase acordar a realización de reunións conxuntas dos Comités de Seguridade e Saúde ou, no seu defecto, dos Delegados de Prevención e empresarios das empresas que carezan dos devanditos Comités, ou outras medidas de actuación coordinada.

Artigo 40. Colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

1. Os traballadores e mais os seus representantes poderán recorrer á Inspección de Traballo e Seguridade Social se consideran que as medidas adoptadas e os medios empregados polo empresario non son suficientes para garantir a seguridade e a saúde no traballo.

2. Nas visitas aos centros de traballo para a comprobación do cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais, o Inspector de Traballo e Seguridade Social comunicará a súa presenza ao empresario ou ao seu representante ou á persoa inspeccionada, ao Comité de Seguridade e Saúde, ao Delegado de Prevención ou, na súa ausencia, aos representantes legais dos traballadores, a fin de que o poidan acompañar durante o desenvolvemento da súa visita e formularlle as observacións que estimen oportunas, a menos que considere que as devanditas comunicacións poidan prexudicar ao éxito das súas funcións.

3. A Inspección de Traballo e Seguridade Social informará aos Delegados de Prevención sobre os resultados das visitas a que fai referencia o apartado anterior e sobre as medidas adoptadas como consecuencia destas, así como ao empresario mediante dilixencia no Libro de Visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social que debe existir en cada centro de traballo.

4. As organizacións sindicais e empresariais máis representativas serán consultadas con carácter previo á elaboración dos planos de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social en materia de prevención de riscos no traballo, en especial dos programas específicos para empresas de menos de seis traballadores, e informadas do resultado dos devanditos planos.

CAPÍTULO VI

Obrigas dos fabricantes, importadores e subministradores

Artigo 41. Obrigas dos fabricantes, importadores e subministradores

1. Os fabricantes, importadores e subministradores de maquinaria, equipos, produtos e utensilios de traballo están na obriga de asegurar que estes non constitúan unha fonte de perigo para o traballador, sempre que sexan instalados e empregados nas condicións, forma e para os fins recomendados por eles.

Os fabricantes, importadores e subministradores de produtos e substancias químicas de utilización no traballo están na obriga de envasar e etiquetar estes, de forma que se permita a súa conservación e manipulación en condicións de seguridade e se identifique claramente o seu contido e os riscos para a seguridade ou a saúde dos traballadores que a súa almacenaxe ou utilización comporten.

Os suxeitos mencionados nos dous parágrafos anteriores deberán subministrar a información que indique a forma correcta de emprego polos traballadores, as medidas preventivas adicionais que se deban tomar e os riscos laborais que impliquen tanto o seu emprego normal, como a súa manipulación ou emprego inadecuado.

Os fabricantes, importadores e subministradores de elementos para a protección dos traballadores están na obriga de asegurar a efectividade destes, sempre que sexan instalados e usados nas condicións e da forma recomendada por eles. Para tal efecto, deberán subministrar a información que indique o tipo de risco ao que van dirixidos, o nivel de protección fronte a este e a forma correcta do seu emprego e mantemento.

Os fabricantes, importadores e subministradores deberán proporcionar aos empresarios, e estes solicitar daqueles, a información necesaria para que a utilización e manipulación da maquinaria, equipos, produtos, materias primas e utensilios de traballo se produza sen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores, así como para que os empresarios poidan cumprir coas súas obrigas de información respecto dos traballadores.

2. O empresario terá que garantir que as informacións a que se refire o apartado anterior sexan facilitadas aos traballadores en termos que resulten comprensibles para estes.

CAPÍTULO VII

Responsabilidades e sancións

Artigo 42. Responsabilidades e a súa compatibilidade

1. O incumprimento polos empresarios das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais dará lugar a responsabilidades administrativas, así como, se é o caso, a responsabilidades penais e ás civís polos danos e perdas que se poidan derivar do devandito incumprimento.

2. A empresa principal responderá solidariamente cos contratistas e subcontratistas a que se refire o apartado 3 do artigo 24 desta Lei do cumprimento, durante o período da contrata, das obrigas impostas por esta Lei en relación cos traballadores que aqueles ocupen nos centros de traballo da empresa principal, sempre que a infracción se producise no centro de traballo do devandito empresario principal.

3. As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles coas indemnizacións polos danos e perdas causados e de recargo de prestacións económicas do sistema da Seguridade Social que poidan ser fixadas polo órgano competente de conformidade co previsto na normativa reguladora do devandito sistema.

4. Nas relacións de traballo mediante empresas de traballo temporal, e sen prexuício das responsabilidades propias de estas, a empresa usuaria será responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde dos traballadores, así como o recargo de prestacións do sistema de Seguridade Social que podan fixarse, en caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional que teña lugar no seu centro de traballo durante o tempo de vixencia do contrato de posta a disposición e traian a súa causa de falta de medidas de seguridade e hixiene.

A corrección de infraccións en materia de prevención de riscos laborais, no ámbito das

Administracións Públicas se axustará ao procedemento e normas de desenvolvemento do artigo 45.1 e concordantes da Lei 31/1995, de P.R..L.

5. A declaración de feitos probados que conteña unha sentenza firme da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, relativa á existencia de infracción á normativa de prevención de riscos laborais, vinculará á orde social da xurisdicción, no que se refire ao recargo, se é o caso, da prestación económica do sistema da Seguridade Social.

Artigo 43. Requirimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social

1. Cando o Inspector de Traballo e Seguridade Social comprobese a existencia dunha infracción á normativa sobre prevención de riscos laborais, requirirá ao empresario para a emenda das deficiencias observadas, agás que pola gravidade e inminencia dos riscos procedese acordar a paralización prevista no artigo 44. Todo isto sen prexuízo da proposta de sanción correspondente, se é o caso.

2. O requirimento formulado polo Inspector de Traballo e Seguridade Social farase saber por escrito ao empresario presuntamente responsable sinalando as anomalías ou deficiencias apreciadas con indicación do prazo para a súa emenda. O devandito requirimento poñerase, así mesmo, en coñecemento dos Delegados de Prevención.

Se se incumprise o requirimento formulado, persistindo os feitos infractores, o Inspector de Traballo e Seguridade Social, de non o efectuar inicialmente, redactará a correspondente acta de infracción por tales feitos.

3. Os requirimentos efectuados polos funcionarios públicos a que se refire o artigo 9.2 desta Lei, en exercicio das súas funcións de apoio e colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, practícaranse cos requisitos e efectos establecidos no apartado anterior, podendo reflectirse no Libro de Visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.

Artigo 44. Paralización de traballos

1. Cando o Inspector de Traballo e Seguridade Social comprobe que a inobservancia da normativa sobre prevención de riscos laborais implica, ao seu xuízo, un risco grave e inminente para a seguridade e a saúde dos traballadores poderá ordenar a paralización inmediata de tales traballos ou tarefas. A devandita medida comunicarse á empresa responsable, que a poñerá en coñecemento inmediato dos traballadores afectados, do Comité de Seguridade e Saúde, do Delegado de Prevención ou, na súa ausencia, dos representantes do persoal. A empresa responsable dará conta ao Inspector de Traballo e Seguridade social do cumprimento desta notificación.

O Inspector de Traballo e Seguridade Social informará da súa decisión de forma inmediata á autoridade laboral. A empresa, sen prexuízo do cumprimento inmediato de tal decisión, poderá impugnar perante a autoridade laboral no prazo de tres días hábiles, tendo que ser resolta tal impugnación no prazo máximo de vinte e catro horas. Tal resolución será executiva, sen prexuízo dos recursos que procedan.

A paralización dos traballos levantarase pola Inspección de Traballo e Seguridade Social que a decretase, ou polo empresario tan axiña como se emenden as causas que a motivaron, debendo, neste último caso, comunicalo inmediatamente á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. Os supostos de paralización regulados neste artigo, así como os que se contemplan na normativa reguladora das actividades previstas no apartado 2 do artigo 7 desta Lei, entenderanse, en todo caso, sen

prexuízo do pagamento do salario ou das indemnizacións que procedan e das medidas que se poidan arbitrar para a súa garantía.

Artigo 45. Infraccións administrativas

1. Son infraccións laborais en materia de prevención de riscos laborais as accións ou omisións dos empresarios, as das entidades que actúen como servicios de prevención alleos ás empresas, as auditorías e as formativas en dita materia e alleas ás empresas, así como as dos promotores e propietarios de obra e os traballadores por conta propia, que incumpran as normas legais, regulamentarias e cláusulas normativas dos convenios colectivos en materia de seguridade e saúde laboral suxeitas a responsabilidade conforme á presente Lei.

Malia o anterior, no ámbito das relacións do persoal civil ao servizo das Administracións públicas, as infraccións serán obxecto de responsabilidades a través da imposición, por resolución da autoridade competente, da realización das medidas correctoras dos correspondentes incumprimentos, conforme ao procedemento que para o efecto se estableza.

No ámbito da Administración Xeral do Estado, corresponderalle ao Goberno a regulación do devandito procedemento, que se axustará aos seguintes principios:

a) O procedemento iniciarao o órgano competente da Inspección de Traballo e Seguridade Social por orde superior, ben por propia iniciativa ou a petición dos representantes do persoal.

b) Logo da súa actuación, a Inspección efectuará un requirimento sobre as medidas a adoptar e prazo de execución destas, que se enviará á unidade administrativa inspeccionada para os efectos de formular alegacións.

c) No caso de discrepancia entre os Ministros competentes como consecuencia da aplicación deste procedemento, enviarán as actuacións ao Consello de Ministros para a súa decisión final.

Artigo 46. Infraccións leves

Derrogado por Real Decreto Lexislativo 5/2000

Artigo 47. Infraccións graves

Derrogado por Real Decreto Lexislativo 5/2000

Artigo 48. Infraccións moi graves.

Derrogado por Real Decreto Lexislativo 5/2000

Artigo 49. Sancións

Derrogado por Real Decreto Lexislativo 5/2000, que agora establece uns criterios de graduación das sancións (Artigo 39) e a contía das mesmas (Artigo 40).

Artigo 50. Reincidencia

Derogado por Real Decreto Lexislativo 5/2000

Artigo 51. Prescrición das infraccións

Derogado por Real Decreto Lexislativo 5/2000, establecéndose dita prescrición no Artigo 4 da disposición.

Artigo 52. Competencias sancionadoras

Derogado por Real Decreto Lexislativo 5/2000

Artigo 53. Suspensión ou peche do centro de traballo

O Goberno ou, se é o caso, os órganos de goberno das Comunidades Autónomas con competencias na materia, cando concorran circunstancias de excepcional gravidade nas infraccións en materia de seguridade e saúde no traballo, poderán acordar a suspensión das actividades laborais por un tempo determinado ou, en caso extremo, o peche do centro de traballo correspondente, sen prexuízo, en todo caso, do pagamento do salario ou das indemnizacións que procedan e das medidas que se poidan arbitrar para a súa garantía.

Artigo 54. Limitacións á facultade de contratar coa Administración

As limitacións á facultade de contratar coa Administración pola comisión de delitos ou por infraccións administrativas moi graves en materia de seguridade e saúde no traballo rexeranse polo establecido na Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Definicións para os efectos de Seguridade Social

Sen prexuízo da utilización das definicións contidas nesta Lei no ámbito da normativa sobre prevención de riscos laborais, tanto a definición dos conceptos de accidente de traballo, enfermidade profesional, accidente non laboral e enfermidade común, como o réxime xurídico establecido para estas continxencias na normativa de Seguridade Social, continuarán a ser de aplicación nos termos e cos efectos previstos no devandito ámbito normativo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Reordenación orgánica

Queda extinguida a Organización dos Servizos Médicos de Empresa, pasando as súas funcións a seren desempeñadas pola Administración sanitaria competente nos termos desta Lei.

Os recursos e funcións que na actualidade teñen atribuídos o Instituto Nacional de medicina e Seguridade do Traballo e a Escola Nacional de Medicina do Traballo adscribíense e serán desenvolvidos polas unidades, organismos ou entidades do Ministerio de Sanidade e Consumo conforme á súa organización e distribución interna de competencias.

O Instituto Nacional de Silicose manterá a súa condición de centro de referencia nacional de

prevención técnico-sanitaria das enfermidades profesionais que afecten ao sistema cardiorrespiratorio.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

Carácter básico

1. Esta Lei, así como as normas regulamentarias que dicte o Goberno en virtude do establecido no artigo 6, constitúen lexislación laboral, dictada ao abeiro do artigo 149.1.7ª da Constitución.

2. Respecto do persoal civil con relación de carácter administrativo ou estatutario ao servizo das Administracións públicas, esta Lei será de aplicación nos seguintes termos:

a) Os artigos que a continuación se relacionan constitúen normas básicas no sentido previsto no artigo 149.1.18ª da Constitución:

2.

3, apartados 1 e 2, agás o parágrafo segundo.

4.

5, apartado 1.

12.

14, apartados 1, 2, agás a remisión ao capítulo IV, 3, 4 e 5.

15.

16.

17.

18, apartados 1 e 2, agás remisión ao capítulo V.

19, apartados 1 e 2, agás referencia á impartición por medios propios ou concertados.

20.

21.

22.

23.

24, apartados 1, 2, 3 e 6.

25.

26.

28, apartados 1, parágrafos primeiro e segundo, 2, 3 e 4, agás no relativo ás empresas de traballo temporal.

29.

30, apartados 1, 2, agás a remisión ao artigo 6.1 a), 3 e 4, agás a remisión ao texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

31, apartados 1, agás remisión ao artigo 6.1 a), 2, 3 e 4.

32 bis.

33.

34, apartados 1, parágrafo primeiro, 2, e 3, agás parágrafo segundo.

35, apartados 1, 2, parágrafo primeiro, 4, parágrafo terceiro.

36, agás as referencias ao Comité de Seguridade e Saúde.

37, apartados 2 e 4.

42, apartado 1.

45, apartado 1, parágrafo terceiro.

Disposición adicional cuarta. Designación de Delegados de Prevención nos supostos especiais.

Disposición transitoria, apartado 3º.

Terán este mesmo carácter básico, no que corresponda, as normas regulamentarias que dicte o goberno en virtude do establecido no artigo 6 desta Lei.

b) No ámbito das Comunidades Autónomas e as entidades locais, as funcións que a Lei atribúe ás autoridades laborais e á Inspección de Traballo e Seguridade Social poderán ser atribuídas a órganos diferentes.

c) Os restantes preceptos serán de aplicación xeral en defecto de normativa específica dictada polas Administracións públicas, a excepción do que resulte inaplicable a estas pola súa natureza xurídico-laboral.

3. O artigo 54 constitúe lexislación básica de contratos administrativos, dictada ao abeiro do artigo 149.1.18ª da Constitución.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

Designación de Delegados de Prevención en supostos especiais

Nos centros de traballo que carezan de representantes dos traballadores por non existir traballadores coa antigüidade suficiente para ser electores ou elixibles nas eleccións para representantes do persoal, os traballadores poderán elixir por maioría a un traballador que exerza as competencias de Delegado de Prevención, quen terá as facultades, garantías e obrigas de sivilo profesional de tales Delegados. A actuación destes cesará no momento en que se reúnan os requisitos de antigüidade necesarios para poder celebrar a elección de representantes do persoal, prorrogándose polo tempo indispensable para a efectiva celebración da elección.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA

Fundación

Adscrita á Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo existirá unha fundación que terá como finalidade promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, especialmente nas pequenas empresas, a través de accións de información, asistencia técnica, formación e promoción do cumprimento da normativa de prevención de riscos.

Para o cumprimento dos seus fins dotarase á fundación dun patrimonio con cargo ao Fondo de Prevención e Rehabilitación procedente do exceso de excedentes da xestión realizada polas Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social. A contía total do devandito patrimonio non excederá do 20 por 100 do devandito fondo, determinada na data de entrada en vigor desta Lei.

Os Estatutos da fundación aprobaraos a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, co voto favorable de dous tercios dos seus membros.

Para os efectos de acadar un mellor cumprimento dos seus fins, artellarase a súa colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

A planificación, desenvolvemento e financiamento de accións nos distintos ámbitos territoriais terá en consideración, a poboación ocupada, o tamaño das empresas e os índices de sinistralidade laboral. Os orzamentos que a fundación asigne aos ámbitos territoriais autonómicos que teñan asumidas competencias de execución de lexislación laboral en materia de Seguridade e Hixiene no Traballo atribuiranse para a súa xestión aos órganos tripartitos e de participación institucional que existan nos devanditos ámbitos e teñan natureza similar á Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Nos sectores de actividade nos que existan fundacións de ámbito sectorial, constituídos por empresarios e traballadores, que teñan entre os seus fins a promoción de actividades destinadas á mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, o desenvolvemento dos obxectivos e fins da fundación levaranse a cabo, en todo caso, en coordinación con aquelas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA

Constitución da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

O Goberno, no prazo de tres meses a partir da vixencia desta Lei, regulará a composición da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo. A Comisión constituirase no prazo dos trinta días seguintes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA

Cumprimento da normativa de transporte de mercadorías perigosas

O disposto nesta Lei enténdese sen prexuízo do cumprimento das obrigas derivadas da regulación en materia de transporte de mercadorías perigosas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA

Planos de organización de actividades preventivas

Cada Departamento Ministerial, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei e previa consulta coas organizacións sindicais máis representativas, elevará ao Consello de Ministros unha proposta de acordo na que se estableza un plano de organización das actividades preventivas no departamento correspondente e nos centros, organismos e establecementos de todo tipo dependentes deste.

A proposta debera acompañar necesariamente unha memoria explicativa do custo económico da organización proposta, así como o calendario de execución do plano, coas previsións orzamentarias axeitadas a este.

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA

Establecementos militares

1. O Goberno, no prazo de seis meses, logo de consulta coas organizacións sindicais máis representativas e a proposta dos Ministros de Defensa e de Traballo e Seguridade Social, adaptará as normas dos capítulos III e V desta Lei ás esixencias da defensa nacional, ás peculiaridades orgánicas e ao réxime vixente de representación do persoal nos establecementos militares.

2. Continuarán vixentes as disposicións sobre organización e competencia da autoridade laboral e Inspección de Traballo no ámbito da Administración Militar contidas no Real Decreto 2205/1980, do 13 de xuño, dictado en desenvolvemento da disposición final sétima do Estatuto dos Traballadores.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA

Sociedades cooperativas

O procedemento para a designación dos Delegados de Prevención regulados no artigo 35 desta Lei nas sociedades cooperativas que non contén con asalariados deberá estar previsto nos seus Estatutos ou ser obxecto de acordo en Asemblea Xeral. Cando, ademais dos socios que prestan o seu traballo persoal, existan asalariados, computaranse ámbolos colectivos para os efectos do disposto no número 2 do artigo 35. Neste caso, a designación dos Delegados de Prevención realizarase conxuntamente polos socios que prestan traballo e os traballadores asalariados ou, se é o caso, os representantes destes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL UNDÉCIMA

Modificación do Estatuto dos Traballadores en materia de permisos retribuídos

Engádesse unha letra f) ao apartado 3 do artigo 37 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado polo Real Decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do seguinte teor:

«f) Polo tempo indispensable para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto que se teñan que realizar dentro da xeira.»

DISPOSICIÓN ADICIONAL DUODÉCIMA

Participación institucional nas Comunidades Autónomas

Nas Comunidades Autónomas, a participación institucional, en canto á súa estrutura e organización, levarase a cabo de acordo coas competencias que estas teñan en materia de seguridade e saúde laboral.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO TERCEIRA

Fondo de Prevención e Rehabilitación

Os recursos do Fondo de Prevención e Rehabilitación procedentes do exceso de excedentes da xestión realizada polas Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social á que se refire o artigo 73 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social destinaranse na contía que se determine regulamentariamente, ás actividades que poidan desenvolver como servicios de prevención as Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, de acordo co previsto no artigo 32 desta Lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DECIMOCUARTA.

Presencia de recursos preventivos nas obras de construción.

1. O disposto no artigo 32 bis da Lei de Prevención de Riscos Laborais será de aplicación nas obras de construción reguladas polo Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, coas seguintes especialidades

a) A preceptiva presenza de recursos preventivos aplicarase a cada contratista.

b) No suposto previsto no apartado 1, parágrafo a), do artigo 32 bis, a presenza dos recursos preventivos de cada contratista será necesaria cando, durante a obra, se desenvolvan traballos con riscos especiais, tal e como se definen no citado Real Decreto.

c) A preceptiva presenza de recursos preventivos terá como obxecto vixiar o cumprimento das medidas incluídas no plan de seguridade e saúde no traballo e comprobar a eficacia destas.

2. O disposto no apartado anterior enténdese sen prexuício das obrigacións do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DECIMOQUINTA.

Habilitación de funcionarios públicos.

Para poder exercer as funcións establecidas no apartado 2 do artigo 9 desta Lei, os funcionarios públicos das comunidades autónomas deberán contar cunha habilitación específica expedida pola propia comunidade autónoma, nos termos que se determinen regulamentariamente.

En todo caso, tales funcionarios deberán pertencer aos grupos de titulación A ou B e acreditar formación específica en materia de prevención de riscos laborais.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Aplicación de disposicións máis favorables

1. O disposto nos artigos 36 e 37 desta Lei en materia de competencias, facultades e garantías dos Delegados de Prevención entenderase sen prexuízo do respecto ás disposicións máis favorables para o exercicio dos dereitos de información, consulta e participación dos traballadores na prevención de riscos laborais previstas nos convenios colectivos vixentes na data da súa entrada en vigor.

2. Os órganos específicos de representación dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais que, se é o caso, fosen previstos nos convenios colectivos a que se refire o apartado anterior e que estean dotados dun réxime de competencias, facultades e garantías que respecte o contido mínimo establecido nos artigos 36 e 37 desta Lei, poderán continuar no exercicio das súas funcións, en substitución dos Delegados de Prevención, agás que polo órgano de representación legal dos traballadores se decida a designación destes Delegados conforme ao procedemento do artigo 35.

3. O disposto nos apartados anteriores será tamén de aplicación aos acordos concluídos no ámbito da función pública ao abeiro do disposto na lei 7/1990, do 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Mentres se aproba o Regulamento regulador dos Servicios de Prevención de Riscos Laborais, entenderase que as Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social cumpren o requisito previsto no artigo 31.5 desta Lei.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Alcance da derogación

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan á presente Lei e especificamente:

- a) Os artigos 9, 10, 11, 36, apartado 2, 39 e 40, parágrafo segundo, da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social.
- b) O Decreto do 26 de xullo de 1957, polo que se fixan os traballos prohibidos a mulleres e menores, nos aspectos da súa normativa relativos ao traballo das mulleres, mantendo en vigor as relativas ao traballo dos menores ata que o Goberno desenvolva as previsións contidas no apartado 2 do artigo 27.
- c) O Decreto do 11 de marzo de 1971, sobre constitución, composición e funcións dos Comités de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- d) Os Títulos I e III da Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo, aprobados por Orde do 9 de marzo de 1971.

No que non se opoña ao previsto nesta Lei, e ata que se dicten os Regulamentos aos que se fai referencia no artigo 6, continuará a ser de aplicación a regulación das materias comprendidas no devandito artigo que se conteñen no Título II da Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo ou noutras normas que conteñan previsións específicas sobre tales materias, así como a Orde do Ministerio de Traballo do 16 de decembro de 1987, que establece os modelos para a notificación dos accidentes de traballo. Igualmente, continuarán vixentes as disposicións reguladoras dos servizos médicos de empresa ata tanto se desenvolvan regulamentariamente as previsións desta Lei sobre servizos de prevención. O persoal pertencente aos devanditos servizos na data de entrada en vigor desta Lei integrarase nos servizos de prevención das correspondentes empresas, cando estes se constituían, sen prexuízo de que continúen a efectuar aquelas funcións que tivesen atribuídas distintas das propias do servizo de prevención.

Esta Lei non afecta á vixencia das disposicións especiais sobre prevención de riscos profesionais nas explotacións mineiras, contidas no capítulo IV do Real Decreto 3255/1983, do 21 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Mineiro, e nas súas normas de desenvolvemento, así como as do Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o Réxime da Minería, e o Real Decreto 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, e as súas disposicións complementarias.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Actualización de sancións

A contía das sancións a que se refire o apartado 4 do artigo 49 poderá ser actualizada polo Goberno a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social, adaptando a esta a atribución de competencias prevista no apartado 1 do artigo 52, desta Lei.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Entrada en vigor

Esta Lei entrará en vigor tres meses despois da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado». Polo tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que garden e fagan gardar esta Lei.
Madrid, 12 de decembro de 2003

XOÁN CARLOS R.

O Presidente do Goberno
FELIPE GONZÁLEZ MÁRQUEZ

Índice

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais

Exposición de motivos

Capítulo I

Obxecto, ámbito de aplicación e definicións

Artigo 1. Normativa sobre prevención de riscos laborais

Artigo 2. Obxecto e carácter da norma

Artigo 3. Ámbito de aplicación

Artigo 4. Definicións

Capítulo II

Política en materia de prevención de riscos para protexer a seguridade e a saúde no traballo

Artigo 5. Obxectivos da política

Artigo 6. Normas regulamentarias

Artigo 7. Actuacións das Administracións públicas competentes en materia laboral

Artigo 8. Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo

Artigo 9. Inspección de Traballo e Seguridade Social

Artigo 10. Actuacións das Administracións públicas competentes en materia sanitaria

Artigo 11. Coordinación administrativa

Artigo 12. Participación de empresarios e traballadores

Artigo 13. Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

Capítulo III

Dereitos e obrigas

Artigo 14. Dereito á protección fronte aos riscos laborais

Artigo 15. Principios da acción preventiva

Artigo 16. Plan de prevención de riscos laborais, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva

Artigo 17. Equipos de traballo e medios de protección

Artigo 18. Información, consulta e participación dos traballadores

Artigo 19. Formación dos traballadores

Artigo 20. Medidas de emerxencia

Artigo 21. Risco grave e inminente

Artigo 22. Vixilancia da saúde

Artigo 23. Documentación

Artigo 24. Coordinación de actividades empresariais

Artigo 25. Protección dos traballadores especialmente sensibles a determinados riscos

Artigo 26. Protección da maternidade

Artigo 27. Protección dos menores

Artigo 28. Relacións de traballo temporais, de duración determinada e en empresas de traballo temporal

Artigo 29. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos

Capítulo IV

Servicios de prevención

Artigo 30. Protección e prevención de riscos profesionais

Artigo 31. Servicios de prevención

Artigo 32. Actuación preventivas das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais

Artigo 32 bis. Presencia dos recursos preventivos

Capítulo V

Consulta e participación dos traballadores

Artigo 33. Consulta dos traballadores

Artigo 34. Dereitos de participación e representación

Artigo 35. Delegados de Prevención

Artigo 36. Competencias e facultades dos Delegados de Prevención

Artigo 37. Garantías e sivilo profesional dos Delegados de Prevención

Artigo 38. Comité de Seguridade e Saúde

Artigo 39. Competencias de facultades do Comité de Seguridade e Saúde

Artigo 40. Colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

Capítulo VI

Obrigas dos fabricantes, importadores e subministradores

Artigo 41. Obrigas dos fabricantes, importadores e subministradores

Capítulo VII

Responsabilidades e sancións

Artigo 42. Responsabilidades e a súa compatibilidade

Artigo 43. Requirimentos da Inspección de Traballo e Seguridade Social

Artigo 44. Paralización de traballos

Artigo 45. Infraccións administrativas

Artigo 46. Infraccións leves

Artigo 47. Infraccións graves

Artigo 48. Infraccións moi graves

Artigo 49. Sancións

Artigo 50. Reincidencia

Artigo 51. Prescrición das infraccións

Artigo 52. Competencias sancionadoras

Artigo 53. Suspensión ou peche do centro de traballo

Artigo 54. Limitacións á facultade de contratar coa Administración

Disposición adicional primeira

Definicións para os efectos de Seguridade Social

Disposición adicional segunda

Reordenación orgánica

Disposición adicional terceira

Carácter básico

Disposición adicional cuarta

Designación de Delegados de Prevención en supostos especiais

Disposición adicional quinta

Fundación

Disposición adicional sexta

Constitución da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

Disposición adicional sétima

Cumprimento da normativa de transporte de mercadorías perigosas

Disposición adicional oitava

Planos de organización de actividades preventivas

Disposición adicional novena

Establecementos militares

Disposición adicional décima

Sociedades cooperativas

Disposición adicional undécima

Modificación do Estatuto dos Traballadores en materia de permisos retribuídos

Disposición adicional duodécima

Participación institucional nas Comunidades Autónomas

Disposición adicional décimo terceira

Fondo de Prevención e Rehabilitación

Disposición adicional décimo cuarta

Presencia de recursos preventivos nas obras de construción

Disposición adicional décimo quinta

Habilitación de funcionarios públicos

Disposición transitoria primeira

Aplicación de disposicións máis favorables

*Disposición transitoria segunda**Disposición derogatoria única*

Alcance da derogación

Disposición final primeira

Actualización de sancións

Disposición final segunda

Entrada en vigor